

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 19 de xuño de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

Excmo. Sr. Alcalde  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**Invitados:**

D. Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup>. Eugenia Dolores Blanco Iglesias  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dezanove de xuño de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(707).- PROXECTO DE CONVENIO PARA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS PARA O FOMENTO DA SÚA ACTIVIDADE SOCIAL NO ANO 2015. EXPTE. 12923/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.05.15, e o informe de fiscalización do 3.06.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 4.06.15, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, que di o seguinte:

*1º.- Con data 5 de maio de 2015 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo escrito da coordinadora-voceira da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos solicitude de concesión dunha subvención, nas condicións que esta Administración municipal considere convintes, para o desnevolemento da súa actividade.*

*2º.- Faise constar que a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos pola situación de crise , ó interese público social e humanitario, e o colectivo social ó que vai dirixida, o presente Convenio se artella de xeito de manter unha relación directa con este concello , por tratar-se dunha institución de interese municipal, resultando polo tanto idóneo para o desenvolvemento das tarefas acordadas polo Concello e a ASOCIACION REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS a figura do Convenio, por non tratarse dun contrato , pola propia personalidade da entidade colaboradora e o propio Concello , existindo a oportuna prestación de interese público municipal, posibilidade que se contempla no decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril (Art.111).*

*3º.- Ao dito escrito a asociación solicitante achega a documentación que segue:*

- *Memoria das actividades realizadas e a realizar.*
- *Orzamento de gasto e de ingresos.*
- *Certificacións de carecer de débedas có Concello de Vigo, Facenda pública, Seguridade Social e Facenda da Xunta.*
- *Declaración responsable de non contar con outro tipo de axuda.*
- *Copia dos estatutos da asociación.*
- *Copia do DNI do presidente da asociación.*
- *CIF sociedade.*
- *Certificación bancaria.*
- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición prevista na Ley de Subvencións de Galicia para ser beneficiaria da subvención solicitada nin en causa de procedencia de reintegro.*

*4º.- O vixente orzamento xeral municipal inclúe, como subvención nominativa, a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos, na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.02, a cantidade de 15.000 euros.*

*5º.- Con data 19 de maio a Asesoría Xurídica emite informe favorable ao texto do convenio, que reúne o contido mínimo esixido legalmente, se ben indican a necesidade de corrección no pacto 1 onde se fai referencia ao número de expediente, e da necesidade de incorporar o certificado actualizado de estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria.*

*6º.- Con data 03 de xuño, a Intervención Xeral emite informe favorable, fiscalizando a autorización do gasto.*

7º.- Con estes antecedentes, e unha vez subsanados os erros observados, o servizo técnico da Alcaldía procede á redacción do convenio reitor da subvención, cuxa aprobación se propón.

#### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

*Primera.- A concesión da axuda económica solicitada desta Administración municipal pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos para o desenvolvemento da súa actividade de interés público social e humanitario, e o colectivo social ó que vai dirixida, se enmarca dentro da denominada actividade administrativa de fomento que as Administracións públicas poden promover mediante a concesión de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementen ou suplan os atribuídos ao Ente público; acción de fomento á que expresamente se refire o artigo 294 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, en relación coas Corporacións Locais, dispoñendo que: “1. A actividade de fomento se exercerá*

*de conformidade cos principios de publicidade, obxectividade, libre concorrència e igualdade e con adecuación á legalidade orzamentaria”; que “2. As Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico ou doutra natureza as entidades, organismos ou particulares, nos casos en que os servizos ou actividades dos mesmos complementen o substitúan aos atribuídos á competencia local”; que “En todo caso a concesión destas subvencións ou axudas terá en conta os criterios, directrices e prioridades que establezan os planes sectoriais de coordinación” e, por último, que “3. As Corporacións Locais comprobarán a aplicación efectiva dos medios de fomento á finalidade prevista”.*

*Segunda.- Dentro desta acción de fomento, a axuda económica solicitada responde á categoría técnica de subvención, definida nos artigos 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, en tanto que a mesma se concreta nunha achega económica sen contraprestación directa da beneficiaria, que se suxeita á realización dun proxecto, xa realizado ou por desenvolver, cuxa execución ten de fomentar unha actividade de utilidade pública e interese social, como é a protección as mulleres en perigo de exclusión social.*

*Tercera.- O artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, na vixente redacción, dada pola lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, establece no seu apartado 2 que: “O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: e) avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación de risco de exclusión social.*

*Cuarta.- A actividade de prestación de servizos sociais, prevención, cooperación e social e fomento da actividade social e solidariedade é, pois, unha actividade que complementa as propias das administracións municipais, a que procede atribuír, pola súa propia natureza, o interese social que precisa a actividade subvencional; cualidades as ditas, que o Concello de Vigo recoñeceu na actividade da asociación beneficiaria, ao incluír no acordo aprobatorio do vixente orzamento xeral, como subvención nominativa, a favor desta asociación, na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.02, a cantidade de 15.000 euros.*

*Quinta.- De acordo co disposto nos artigos 22 e 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4.a) e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, sendo o convenio o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.*

Sexta.- O expediente e o convenio cuxa aprobación se propón incorpora e xustifica as esixencias mínimas que para a concesión desta subvención establece o artigo 26.2 da Lei 9/2007 LSG; determinacións que se estiman conformes ao interese público que a subvención persigue e ao Ordenamento Xurídico e suficientes ao fin pretendido.

Sétimo.- Darase ao presente acordo a publicidade exisida polo art. 8.1.c) da Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Oitavo.- De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do concesión da subvención, nos termos propostos e, con carácter previo, a aprobación do gasto (artigo 31 LSG), previo informe da Intervención Xeral Municipal.

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Autorizar o gasto por importe de 15.000 euros, a favor da ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS, con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.480.00.02 "Rede de Mulleres contra os Malos Tratos", en concepto de subvención a actividade desta asociación no ano 2015. A entrega da subvención á Asociación Rede de Mulleres contra os Malos Tratos realizarase contra a presentación das memorias xustificativas e de avaliación das programacións correspondentes as actividades realizadas no ano 2015, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados deberá ter lugar antes do día 20 de novembro de 2015".
2. "Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Rede de Mulleres contra os Malos Tratos, que rexerá a subvención nominativa consignada nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo para coadjuvar á execución do programa social realizados e por realizar na cidade pola asociación solicitante no ano 2015; texto que se incorpora como anexo á presente proposta de acordo.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### ANEXO

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E REDE DE MULLERES CONTRA OS MALOS TRATOS QUE HABERÁ DE REXIR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DESTA PARA O DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE SOCIAL NO ANO 2015.

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil quince.

#### REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra parte Dna. ROSARIO OTERO RODRIGUEZ Presidenta da ASOCIACION REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS C I F num G 36928646 . e enderezo social na rúa Oliva 12 - 2º da cidade de Vigo.

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

#### MANIFESTAN

*I.- Que a ASOCIACION REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS e unha entidade se ánimo de lucro, que conta entre as súas competencias a prestación de servizos sociais, conforme ó establecido na L. 7/85 de 2 de abril, como a prevención, cooperación social e fomento de actividade social e solidariedade.*

*II.- Que a Alcaldía de Vigo, coñecedora das ditas actividades e accións e no exercizo da súa competencia propia de avaliación e información de situacións de necesidade social, que lle recoñece o artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da ASOCIACION REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.02, como subvención nominativa, a favor da ASOCIACION REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS, a cantidade de 15.000 euros.*

*IV.- Que a ASOCIACION REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo máis arriba citado.*

*V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con aranzo aos seguintes*

#### PACTOS

*Primeiro.- A ASOCIACION REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS comprométese a realizar e xustificar a realización do programa de actividades para o ano 2015, que figura na documentación do expediente administrativo núm. 12923/101, sen prexuízo de que se poidan producir modificacións nas actividades previstos pola asociación no seu programa, pero aínda non contratados, que poderán ser substituídos por outros.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1º.- Colaborar coa ASOCIACION REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos sociais na cidade de Vigo.*

*2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da ASOCIACION REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS (revista, web, etc).*

3º.- Conceder á ASOCIACION REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS unha subvención por importe de 15.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.480.00.02 "Rede de Mulleres contra os Malos Tratos" mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas coa súa programación social no ano 2015.

A entrega da subvención á ASOCIACION REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS realizarase contra a presentación da memoria xustificativa e de avaliación da programación correspondente as actividades realizadas no ano 2015, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados, antes do día 20 de novembro de 2015.

Terceiro. - Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto. - Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto. - A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada,

Sexto. - A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas có seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta sociedade no ano 2015.

A ASOCIACION REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS achegará probas deste material para conformidade do Concello de Vigo e o do seu logotipo.

Sétimo. - A beneficiaria, antes do día 20 de novembro de 2015", deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais ( que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE) pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto

da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de .....euros. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención.

A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2015.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Alcaldía, que emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Alcaldía e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da

subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- Os datos persoais da solicitante y o do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, obxecto deste convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, en orden á conclusión do proceso subvencional, por lo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Real Decreto 1720/2007, de desenvolvemento da LOPD, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo, como administración concedente da subvención.

En todo caso, o Concello de Vigo non aplicará ou utilizará con outra finalidade os datos, nin tampouco os comunicará en ningún caso a outras persoas ou entidades, salvo excepcións legais o por mandato do titular da información.

O Concello de Vigo comprométese a cumprir e facer cumprir o deber de secreto profesional y de confidencialidade que abarcará calquera información ou dato que puidese coñecer, con ocasión da xestión desta subvención, en especial aos de carácter persoal, de acordo co establecido no artigo 10 de la Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal.

A beneficiaria e, no seu caso, os seus representantes, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo, nos términos previstos na citada Lei 15/1999.

Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a

Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2015.



## **2(709).- DAR CONTA DE SENTENZAS E DECRETOS.**

Dáse conta das seguintes, Sentenzas e Decretos, remitidos por Asesoría Xurídica:

a) Expte.nº 8724-111. Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección 2ª.RC-A nº 4306/2014 P.O. Demandante: CONCELLO DE VIGO. Obxecto: Resolución da Consellería de Traballo do 9.6.2014. Autorización de Centro de Servizos Sociais: aumento de prazas. Desestimado o recurso.

b) Expte. nº 9066-111. Decreto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 88/2015 P.A. Demandante: D. DAVID ORVIZ TEJO. Obxecto: Desestimación presunta de reposición. Sanción de Tráfico (Expte. 148657027). Desestimento do demandante.

c) Expte. nº 8568-111. Sentenza do X. do Social nº 4 de Vigo. Procedemento Ordinario 78/2014. Demandante: D. GERARDO SÁNCHEZ VICENTE. Obxecto: XGL 29.8.14 resolve a reclamación previa. Categoría profesional, “diferenza de funcións” de Xefe de Equipo a Capataz (Parques e Xardíns). Desestimado o recurso.

d) Expte. nº 9052-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 74/15 P.A. Demandante: D. JOSÉ Mª VARELA RENDO. Obxecto: Resolución do 10.12.14. Sanción de tráfico. Desestimado o recurso.

e) Expte. nº 9072-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 104/2015 P.A. Demandante: CONSTRUCCIONES Y DESMONTES RIBERA NAVARRA S.A. Obxecto: Resolución do 29/12/2014, desestimatoria do recurso de rep. contra a resolución do 15/10/2014 que acorda a devolución da terceira factura presentada en relación á execución dun contrato administrativo. Desestimado do recurso.

f) Expte. nº 8588-111. Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección 1ª, en Apelación 338/2014, conta Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 95/2014 P.A. Demandante: D. MANUEL A. CÓRDOBA ARDAO. Obxecto: Inactividade ante solicitude do 27-12-2013, valoración posto de traballo. Desestimada a apelación.

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

## **3(710).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DOS TÚNELES, PASOS INFERIORES E GALERÍAS DE SERVIZOS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 15341/444.**

Dáse conta da proposta de data 12.06.15, asinada polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 12 de xuño de 2015, entre outros, acordou:

4.- *Propostas de clasificación.*

a) *Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneles, pasos inferiores e galerías de servizos da cidade de Vigo.(expediente 15341-444).*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 12-05-2015, 26-05-2015, 05-06-2015, 09-06-2015, 11-06-2015 e 12-06-2015 e dos informes do xefe do servizo de Electromecánicos e xefe do servizo de Limpeza de 03-06-2015 rectificado por uno del 05-06-2015 e 11-06-2015, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneles, pasos inferiores e galerías de servizos da cidade de Vigo (expediente 15341-444)” no seguinte orde decrecente:

EMPRESAS	Criterios de adxudicación		
	Puntuación criterios valorados mediante xuízo de valor	Puntuación criterios valorados mediante fórmula	Total puntuación
ESTACIONAMENTOS E SERVICIOS	14,25 puntos	74,51 puntos	88,76 puntos
SICE	6,50 puntos	80,00 puntos	86,50 puntos
IMESAPI	16,50 puntos	69,85 puntos	86,35 puntos
ESYCSA	4,00 puntos	67,44 puntos	71,44 puntos
MONCOBRA,S.A.	10,65 puntos	32,16 puntos	42,81 puntos

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificados en primeiro lugar Estacionamientos y Servicios, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- *Requirir ao licitador (Estacionamientos y Servicios, S.A.,U o aboamento de 1479,89 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **4(711).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA XESTIÓN DOS RESIDUOS VOLUMINOSOS DE VIGO. EXPTE. 5414/252.**

Dáse conta da proposta de data 11.06.15, asinada polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A Mesa de Contratación celebrada o 11 de xuño de 2015, entre outros, acordou:*

#### *6.- Propostas de clasificación.*

*a) Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión dos residuos voluminosos de Vigo (expediente 5414-252).*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 02-06-2015, 05-06-2015 e 11-06-2015 e dos informes do xefe do servizo de Limpeza de 03-06-2015 rectificado por uno del 05-06-2015 e 10-06-2015 e tendo en conta que tra-la exclusión da oferta presentada por Cogami Reciclado de Galicia S.L. unicamente hai unha admitida, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Dar conta do acordo da Mesa de contratación celebrada o 11 de xuño de 2015 pola que se excluiu da licitación a oferta presentada por Cogami Reciclado de Galicia S.L. xa que a data de finalización do prazo de presentación de ofertas para este procedemento, non contaba na planta coa que se presenta a esta licitación coas autorizacións para a xestión da totalidade de residuos obxecto deste contrato.*

*Segundo: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión dos residuos voluminosos de Vigo (expediente 5414-252)” no seguinte orde decrecente:*

*TOCA SALGADO, S.L. 100 puntos*

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificados en primeiro lugar TOCA SALGADO, S.L., , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- *Requirir ao licitador TOCA SALGADO, S.L. o aboamento de 1338,76 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**5(712).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 71366/250.**

Dáse conta da proposta de data 5.06.15, asinada polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A Mesa de Contratación celebrada o 5 de xuño de 2015, entre outros, acordou:*

*7.- Propostas de clasificación*

*b) procedemento aberto para a contratación da subministración de vestuario para o persoal municipal. (expediente 71366-250).*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 14-10-2014, 21-10-2014, 11-12-2014, 17-03-2015, 25-03-2015, 31-03-2015, 10-04-2015 e 05-06-2015 e dos informes do xefe da Area de Fomento de 31-03-2015, 06-04-2015 e 29-05-2015, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación da subministración de vestuario para o persoal municipal. (expediente 71366-250).” no seguinte orde decrecente para cada un dos lotes:*

Prezo de licitación		103.360,00 €		Lote nº 6 PRENDAS ABRIGO POLICIA LOCAL	
Empresas				Puntuación	
1	COMPLEMENTOS POLICIALES SL				83,00
2	EL CORTE INGLES SA				68,10
3	SAGRES SL				60,52
Prezo de licitación		58.520,00 €		Lote nº 7 PRENDAS VESTIR POLICIA LOCAL	
1	COMPLEMENTOS POLICIALES SL				83,00
2	EL CORTE INGLES SA				78,20
3	SAGRES SL				16,25
Prezo de licitación		41.490,00 €		Lote nº 8 PRENDAS BOMBEIROS	
1	PEYCAR				86,00

2	EL CORTE INGLES SA				63,82
---	--------------------	--	--	--	-------

*Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, Complementos Policiais, S.L. (lote 6 e 7) e PEYCAR, S.L. (lote 8), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro.- Requirir aos citados licitadores Complementos Policiais, S.L. (lote 6 e 7) e PEYCAR, S.L. (lote 8), o aboamento de 1333,34 e 666,67 euros respectivamente en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **6(713).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

A) ELOYMAR TRANVIAS UTE. EXPTE. 5258/241.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación de data 3.06.15, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por ELOYMAR TRANVIAS U.T.E. no que se solicita a devolución da fianza de 510.413,60 euros, constituída para responder das obras de construción do aparcamento subterráneo na rúa Areal; visto o informe favorable de Intervención de data 2 de xuño de 2015, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a ELOYMAR TRANVIAS U.T.E. a fianza de 510.413,60 euros, constituída para responder das obras de construción do aparcamento subterráneo na rúa Areal, xa que a Xunta de Goberno Local en sesión de 28 de outubro de 2011 outorgou a licenza de posta en funcionamento do mesmo por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

B) COVSA. EXPTE. 2997/443.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación de data 8.06.15, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido de oficio no que se solicita a devolución da fianza de 7.068,96 euros, constituída por COVSA para responder das obras de pavimentación e acondicionamento na rúa Costa, visto o informe favorable de Intervención de data 28 de maio de 2015, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a COVSA a fianza de 7.068,96 euros, constituída para responder das obras de pavimentación e acondicionamento na rúa Costa, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 27 de maio de 2010 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

#### C) COVSA. EXPTE. 3003/443.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación de data 8.06.15, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido de oficio, no que se solicita a devolución da fianza de 4.741,87 euros, constituída por COVSA para responder das obras do “Proxecto modificado do de actuacións na rúa Mestre Alfredo González Cabral”, visto o informe favorable de Intervención de data 28 de maio de 2015, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a COVSA a fianza de 4.741,87 euros, constituída para responder das obras do “Proxecto modificado do de actuacións na rúa Mestre Alfredo González Cabral”, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 31 de maio de 2010 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorrer-lo prazo de garantía.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

#### D) HIDROSCIVIL S.L. EXPTE. 3002/443.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación de data 8.06.15, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido de oficio, no que se solicita a devolución da fianza de 5.846,03 euros, constituída por HIDROSCIVIL, S.L. para responder das obras de ampliación de calzada e recollida de pluviais na rúa Baixada a Igrexa e Camiño Freixeiro, visto o informe favorable da oficina de Intervención de data 28 de maio de 2015, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a HIDROSCIVIL, S.L. a fianza de 5.846,03 euros, constituída para responder das obras de ampliación de calzada e recollida de pluviais na rúa Baixada a Igrexa e Camiño Freixeiro, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 28 de maio de 2010 por se*

*executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E) HIDROSCIVIL S.L. EXPTE. 3001/443.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación de data 8.06.15, que dio seguinte:

*Examinado o expediente promovido de oficio no que se solicita a devolución da fianza de 10.866,78 euros constituída por HIDROSCIVIL, S.L. para responder das obras de construción de beirarrúas na Avda. de Santa Marina, Fase II, visto o informe favorable de Intervención de data 28 de maio de 2015, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a HIDROSCIVIL, S.L. a fianza de 10.866,78 euros, constituída para responder das obras de construción de beirarrúas na Avda. de Santa Marina, Fase II, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 28 de maio de 2010 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

F) CONSTRUCCIONES CRESPO S.A. EXPTE. 2985/443.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación de data 3.06.15, que dio seguinte:

*Examinado o expediente promovido de oficio no que se solicita a devolución da fianza de 6.907,69 euros, constituída por CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A. para responder das obras do “Proxecto modificado do de pavimentación e acondicionamento da rúa Casal de Arriba”, visto o informe favorable de Intervención de data 28 de maio de 2015, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A. a fianza de 6.907,69 euros, constituída para responder das obras do “Proxecto modificado do de pavimentación e acondicionamento da rúa Casal de Arriba”, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 24 de maio de 2010 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

G) ORECO S.A. EXPTE. 3032/443.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación de data 10.06.15, que dio seguinte:

*Examinado o expediente promovido por ORECO S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 10.708,19 euros, constituída para responder das obras de humanización da rúa Andalucía, visto o informe favorable de Intervención de data 9 de xuño de 2015, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a ORECO S.A. a fianza de 10.708,19 euros, constituída para responder das obras de humanización da rúa Andalucía, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 13 de novembro de 2009 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

#### H) PYGEPE S.L. EXPTE. 3033/443.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación de data 11.06.15, que dio seguinte:

*Examinado o expediente promovido por PLYGEPE, S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 3.597,86 euros, constituída para responder das obras de beirarrúas subida á Madroa, visto o informe favorable de Intervención de data 10 de xuño de 2015, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a PLYGEPE, S.L. a fianza de 3.597,86 euros, constituída para responder das obras de beirarrúas Subida á Madroa, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 14 de xuño de 2010 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

#### I) OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS S.A. EXPTE. 5259/241.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación de data 10.06.15, que dio seguinte:

*Examinado o expediente promovido por OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 4.515,40 euros, constituída para responder das obras de eliminación de bombeo de residuos na rúa Seara, visto o informe favorable de Intervención de data 9 de xuño de 2015, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. a fianza de 4.515,40 euros, constituída para responder das obras de eliminación de bombeo de residuos na rúa Seara, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 31 de marzo de 2009 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”*



## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **7(714).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS PARA O FESTIVAL DE JAZZ “IMAXINA SONS'15”. EXPTE. 488/330.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do 10.06.15, conformado polo secretario de Admón. Municipal, e polo concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, que di o seguinte:

#### Antecedentes

*Dende a Área de Cultura, Festas e Museos estase a organizar a décimo primeira edición do Festival de Jazz IMAXINA SONS'15, que se desenvolverá en diversos espazos da cidade, do 26 de xuño ao 4 de xullo.*

*O concelleiro-delegado da área de Cultura, Festas e Museos resolveu, con data 9 de xuño, que polo servizo da citada área se inicie o expediente necesario para fixar os prezos de venda de entradas dos concertos incluídos no Festival de Jazz IMAXINA SONS'15*

#### Fundamentación xurídica

*A proposta redáctase de conformidade co artigo 3 da ordenanza municipal número 42 do Concello de Vigo para o ano 2015, reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos, que establece que se o custo de organización do espectáculo fose extraordinario, poderán incrementarse as tarifas relacionadas anteriormente en contía que non supere o custo calculado en base á ocupación total das localidades, previa presentación da correspondente xustificación de gastos na Intervención de Fondos e posterior aprobación da Xunta de Goberno.*

*A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a aprobación do expediente, de acordo co sinalado no artigo 3.1 da mencionada ordenanza municipal número 42 para o ano 2015.*

#### Xustificación

*Xa que o custo de organización desta programación é extraordinario, tal e como establece a citada ordenanza reguladora de prezos públicos, increméntanse as tarifas relacionadas nesta ordenanza en contía que non superará o custo calculado en base á ocupación total das localidades.*

*A programación do festival conta con oito concertos de pagamento, cinco no auditorio municipal (285 butacas) e tres no salón de actos do Marco (140 butacas).*

*O custo dos oito concertos, incluíndo cachés dos artistas e o prorratio dos costes xerais do festival para produción técnica, material gráfico publicitario, dereitos de autor e servizo de venda de entradas, ascendería a 85.161,25 € que se divide en:*

*Cachés: 58.866,50 €*

*Material gráfico: 2.500 €*

*Produción: 20.794,75 €*

*Dereitos de autor: 2.000 €*

*Servizo de venda de entradas: 1.000 €*

Para calcular o prezo por espectador de cada concerto, ao caché de cada espectáculo habería que engadirille os dereitos de autor derivados da exhibición do mesmo. Por outro lado a suma dos costes de produción, venda de entradas e material gráfico (costes comúns), dividido entre os oito concertos.

Coste total de produción, venda de entradas e material gráfico: 24.294,75 € / 8 espectáculos = 3.036,84 € por espectáculo de gastos comúns.

Así pois o coste por espectador calculado en base á ocupación total das localidades (285 butacas para auditorio e 140 para salón de actos do Marco) é o seguinte:

DÍA	ESPECTÁCULO	CACHÉ	DEREITOS DE AUTOR	GASTOS COMÚNS	COSTE/ESPECTADOR	PREZO PROPOSTO
26/06/15	María Joao. Ogre	8.228,00 €	300,00 €	3.036,84 €	40,58 €	5,00 €
27/06/15	Carlos López	6.050,00 €	150,00 €	3.036,84 €	32,41 €	5,00 €
29/06/15	L.A.R. Legido	2.117,50 €	80,00 €	3.036,84 €	37,39 €	3,00 €
30/06/15	Gil Dionísio	1.331,00 €	50,00 €	3.036,84 €	31,56 €	3,00 €
01/07/15	Eli Gras	1.936,00 €	50,00 €	3.036,84 €	35,88 €	3,00 €
02/07/15	Ohad Talmor Trio	4.598,00 €	150,00 €	3.036,84 €	27,32 €	5,00 €
03/07/15	Marc Ribot	15.488,00 €	500,00 €	3.036,84 €	66,75 €	5,00 €
04/07/15	Orquestra Galega de Jazz	19.118,00 €	720,00 €	3.036,84 €	80,26 €	5,00 €

Ningún dos prezos propostos superan o custo calculado en base á ocupación total das localidades nas medias calculadas, segundo establece a ordenanza nº 42 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos no seu artigo 3.1

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través do servizo de Ataquilla (web [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), teléfono 902.504.500 e despacho de billetes da central de espectáculos) e no mesmo despacho de billetes do Auditorio Municipal e salón de actos do Marco desde unha hora antes do comezo do espectáculo.

Á vista do exposto, co informe favorable da Intervención Xeral de data 10 de xuño, coa conformidade do secretario de Administración Electrónica e mailo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA:**

“Que se autoricen os prezos de venda de entradas para os concertos previstos no Festival de Jazz IMAXINA SONS'15, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº 42 para o ano 2015, segundo o seguinte detalle:

- Espectáculos no Auditorio Municipal: 5 €
  - María Joao. Ogre-26 xuño
  - Carlos López-27 xuño
  - Ohad Talmor Trio-2 xullo
  - Marc Ribot-3 xullo
  - Orquestra Galega de Jazz-4 xullo

*Espectáculos no salón de actos do Marco: 3 €*

- *L.A.R. Egido-29 xuño*
- *Gil Dionísio-30 de xuño*
- *Eli Gras-1 xullo*

*As entradas serán postas á venda anticipadamente a través do servizo de Ataquilla (web [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), teléfono 902.504.500 e despacho de billetes da central de espectáculos) e no mesmo despacho de billetes do Auditorio Municipal e salón de actos do Marco desde unha hora antes do comezo do espectáculo."*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(715).- BASES PARA A UTILIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA GALEGA DE CULTURA. EXPTE. 14810/331.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, do 8.06.16, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro de Cultura, Festas e Museos, que di o seguinte:

*Por resolución do concelleiro de Cultura 24 de novembro de 2014 iniciouse o expediente para a regulación da cesión de uso do salón de actos da Casa Galega da Cultura.*

*A Casa Galega da Cultura, con sede na Praza da Princesa, nº 2, é un centro aberto e accesible á cidadanía coa misión de xerar procesos de desenvolvemento cultural e social concertados entre a comunidade e o Concello de Vigo, destinado á preservación, transmisión e fomento de actividades culturais e sociais propias da comunidade.*

*Como centro de desenvolvemento cultural e social, ten por obxectivo fundamental facilitar recursos de información e prestar diferentes servizos ao través de diversos medios co fin de cubrir as necesidades da cidadanía en materia de instrución, información e perfeccionamento persoal, xunto a programación de actividades intelectuais de entretemento e ocio.*

*A tal fin, a Casa Galega da Cultura alberga fondos bibliográficos e museográficos especializados en temática galega e humanística da Fundación Penzol, do Gabinete Ramón Piñeiro, e da doazón da biblioteca, arquivo e colección de arte galega de Francisco Fernández del Riego.*

Obxecto: *A Casa está dotada dun salón de actos que precisan dunha regulación que facilite o seu funcionamento e o seu uso temporal, para o cal se articula o presente regulamento.*

*A presente norma ten, polo tanto, unha dobre finalidade. En primeiro lugar regular que o procedemento para o acceso ao uso dos locais municipais se produza en igualdade de condicións, primando o que maior beneficio reporte á cidadanía. En segundo lugar, regular o seu uso e funcionamento.*

O ámbito de aplicación *do presente regulamento o constitúe o uso privativo temporal das instalacións do salón de actos, quedando excluídas as actividades que foxen de interese xeral, para as cales se delega a autorización no concelleiro delegado de Cultura.*

O salón de actos é un equipamento de servizo público, adscrito á Concellería de Cultura e Festas e xestionado polo servizo de Cultura e Bibliotecas, destinado a promover o desenvolvemento integral da persoa, fomentar a convivencia e incrementar a participación da cidadanía na vida pública do concello, mediante a prestación de servizos públicos e o desenvolvemento de actividades.

O carácter público do servizo presupón un servizo plural para a totalidade das persoas sen distinción nin discriminación por razón ideolóxica, xénero, crenza, etnia e condición social.

Son funcións concretas do salón de actos as seguintes:

- Desenvolver actividades culturais, sociais, educativas e institucionais.
- Dotar á cidadanía dun espazo e duns recursos materiais, e cando fora posible humanos, que permitan o desenvolvemento de actividades, de maneira individual e colectiva, dirixidas a cubrir as necesidades nos ámbitos da comunicación, da información, da formación e capacitación nas diferentes áreas artísticas, culturais e sociais.
- Xerar hábitos culturais e participativos achegando as actividades á cidadanía.
- Promover a dinamización e a diversidade da oferta sociocultural da cidade.

Atendendo a súa dispoñibilidade, o uso do salón de actos pode ser cedido para o desenvolvemento de actividades e servizos de carácter puntual e temporal de interese para a cidadanía, previa solicitude, autorización, e pagamento no seu caso, do correspondente prezo público establecido na ordenanzas de tributos vixente.

#### Fundamentación xurídica:

Para establecer esta regulación, apróbanse as presentes instrucións técnicas, en aplicación da potestade regulamentaria e de autoorganización recoñecida as Entidades Locais no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.

O patrimonio municipal, cualificado como ben demanial e de servizo público, e susceptible de utilización pola cidadanía conforme ao establecido no art. 4 do Regulamento de Bens das Entidades Locais de 13 de xuño de 1986. No art. 74.2 do mesmo legal dispón que os bens de servizo público rexiránse polas normas do Regulamento de Servizos das Entidades Locais, e subsidiariamente polas normas do presente Regulamento de Bens.

Achégase ao expediente informe xurídico das bases asinado polo Secretario de Administración Municipal do día 4 de xuño de 2015

Polo anteriormente exposto, e co visto e praxe do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, e conforme do concelleiro de Cultura e Festas faise a Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### PROPOSTA:

1º.- Aprobar as bases para utilización do salón de actos da Casa Galega da Cultura que se achegan ao expediente.

2º.- Notificar o presente acordo aos xefes de Áreas municipais afectadas para o seu coñecemento, e difundir e publicar as bases na intranet e web municipal.

3º.- As presentes bases entrarán en vigor ao día seguinte do presente acordo, sen prexuízo da súa publicación no BOP.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **BASES DE UTILIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA GALEGA DA CULTURA**

#### ***PREÁMBULO.***

*A Casa Galega da Cultura, con sede na Praza da Princesa, nº 2, é un centro aberto e accesible á cidadanía coa misión de xerar procesos de desenvolvemento cultural e social concertados entre a comunidade e o Concello de Vigo, destinado á preservación, transmisión e fomento de actividades culturais e sociais propias da comunidade.*

*Como centro de desenvolvemento cultural e social, ten por obxectivo fundamental facilitar recursos de información e prestar diferentes servizos ao través de diversos medios co fin de cubrir as necesidades da cidadanía en materia de instrución, información e perfeccionamento persoal, xunto a programación de actividades intelectuais de entretemento e ocio.*

*A tal fin, a Casa Galega da Cultura alberga fondos bibliográficos e museográficos especializados en temática galega e humanística da Fundación Penzol, do Gabinete Ramón Piñeiro, e da doazón da biblioteca, arquivo e colección de arte galega de Francisco Fernández del Riego.*

*A Casa está dotada dun salón de actos que precisan dunha regulación que facilite o seu funcionamento e o seu uso, para o cal se articula o presente regulamento.*

*A presente norma ten, polo tanto, unha dobre finalidade. En primeiro lugar regular que o procedemento para o acceso ao uso dos locais municipais se produza en igualdade de condicións, primando o que maior beneficio reporte á cidadanía. En segundo lugar, regular o seu uso e funcionamento.*

*Para establecer esta regulación, apróbanse as presentes instrucións técnicas, en aplicación da potestade regulamentaria e de autoorganización recoñecida as Entidades Locais no artigo 4,1,a) da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.*

#### **PRIMEIRA.- NATUREZA, OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

*O salón de actos é un equipamento de servizo público, adscrito á Concellería de Cultura e Festas e xestionado polo servizo de Cultura e Bibliotecas, destinado a promover o desenvolvemento integral da persoa, fomentar a convivencia e incrementar a participación da cidadanía na vida pública do concello, mediante a prestación de servizos públicos e o desenvolvemento de actividades.*

*O carácter público do servizo presupón un servizo plural para a totalidade das persoas sen distinción nin discriminación por razón ideolóxica, xénero, crenza, etnia e condición social.*

*En función da súa dispoñibilidade, o uso do salón de actos pode ser cedido para o desenvolvemento de actividades e servizos de carácter puntual e temporal de interese para a cidadanía, previa solicitude, autorización, e pagamento no seu caso, do correspondente prezo público establecido na ordenanzas de tributos vixente.*

#### **SEGUNDA .- FUNCIONES**

*Son funcións concretas do salón de actos as seguintes:*

- *Desenvolver actividades culturais, sociais, educativas e institucionais.*
- *Dotar á cidadanía dun espazo e duns recursos materiais, e cando fora posible humanos, que permitan o desenvolvemento de actividades, de maneira individual e colectiva, dirixidas a cubrir as necesidades nos ámbitos da comunicación, da información, da formación e capacitación nas diferentes áreas artísticas, culturais e sociais.*
- *Xerar hábitos culturais e participativos achegando as actividades á cidadanía.*
- *Promover a dinamización e a diversidade da oferta sociocultural da cidade.*

*TERCEIRA.-ACCESIBILIDADE, SUPERFICIE, AFORO, E HORARIOS DE FUNCIONAMENTO. O salón de actos está situado na planta primeira do edificio e dispón de accesos adaptados a persoas con mobilidade reducida.*

*Ten unha superficie de 68,40 m2, cun aforo de 54 espectadores en butaca, e unha sala auxiliar anexa de 18,62 m2.*

*Horario ordinario:*

- *Inverno: de luns a venres, de 9,00 a 14,00 e de 17,00 a 20,00 h.*
- *Verán: do 16 de xuño ao 15 de setembro, de luns a venres, de 9 a 13,45 h.*

*Naqueles casos no que a cesión de uso se extenda máis aló do horario ordinario, e salvo cesión gratuíta por resolución motivada da concellería de Cultura, o beneficiario poderá facer uso das instalacións previo abono do prezo público establecido na ordenanza fiscal reguladora.*

*A Casa conta cun Plan de Autoprotección coas medidas de seguridade e prevención en materia de protección civil.*

*CUARTA.- BENEFICIARIOS:*

*A cesión poderá realizarse a favor de persoas físicas ou xurídicas para a organización de actividades coincidentes cos obxectivos xerais do centro.*

*QUINTA.- SOLICITUDES DE CESIÓN DE USO DAS DEPENDENCIAS.*

*Realizaranse a través do Rexistro Xeral do Concello, en impreso normalizado, cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto do inicio da actividade que se pretende organizar. As solicitudes presentadas cunha antelación menor da indicada poderán ser desestimadas automaticamente e arquivadas.*

*O Concello contestará ao solicitante nun prazo máximo de 10 días.*

*O propio Concello reservará os espazos precisos para as súas actividades, ben a principios de ano ou segundo as vaia programando, respectando en todo caso as solicitudes autorizadas en firme. Na previsión de programación a principios de ano, o Concello, velando pola necesaria e desexable participación da cidadanía, procurará en todo momento que quede garantida a dispoñibilidade de espazos para o seu uso.*

*As entidades sen ánimo de lucro que teñan o seu marco territorial de actuación no municipio e estean inscritas no correspondente Rexistro Municipal de Asociacións do Concello, poderán proporlle ao mesmo anualmente o programa de actividades que consideren conveniente realizar, procurando que esta proposta sexa presentada coa antelación suficiente para a súa integración no conxunto de actividades solicitadas e as do propio Concello, e deixando a posibilidade de inserir nesta programación actividades que poidan xurdir ao longo de todo o ano.*

#### **SEXTA.- DATOS DA SOLICITUDE.**

*Na solicitude incluíranse os seguintes datos:*

- *Nome da persoa solicitante; no caso de persoas xurídicas, nome do seu representante legal, ademais dos da propia entidade (nome, apelidos, cargo, enderezo completo, localidade, NIF, teléfono, correo electrónico, etc.). Sinatura do responsable da organización e da promoción da actividade.*
- *Datos da actividade (título ou denominación, autores, actores, conferenciantes, relatores, dirección técnica ou artística, resumo actividade e das persoas que a realicen...).*
- *Entidades ou empresas que participan ou colaboran na actividade.*
- *Modalidade de acceso do público (entrada libre, invitación, pagamento de entrada...).*
- *Datos e horarios solicitados (inicio de montaxe, horario/s de apertura de portas, de despacho de billetes, de comezo, de fin da desmonte, etc.)*
- *Datos de contacto do persoal técnico responsable durante o desenvolvemento, montaxe e desmonte do acto.*
- *Plano de difusión previsto.*
- *Datos de contacto para información ao público.*

*O servizo de Cultura directamente ou a través do persoal adscrito á Casa Galega da Cultura, poderá solicitar datos complementarios sobre a actividade ou responsables (solvencia técnica..) para resolver as solicitudes, establecendo en cada caso, os prazos de resposta.*

#### **SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CESIÓN DE USO.**

*7.1.- Establécese a seguinte orde de prioridades na cesión:*

- *As directamente organizadas pola Concellería de Cultura do Concello de Vigo.*
- *As organizadas por outras áreas, servizos e organismos autónomos do Concello de Vigo.*
- *As propias da finalidade das persoas xurídicas vinculadas ao propio centro.*
- *As organizadas por outras persoas físicas ou xurídicas por orde de entrada da solicitude no Rexistro Xeral.*
- *Que se trate dunha actividade pública, gratuíta e aberta, axustada ao obxectivo fundamental do equipamento.*
- *Que as instalacións solicitadas resulten as adecuadas á repercusión pública prevista ou ás características das actividades.*

*7.2.- Quedan excluídas as actividades que polo seu contido poidan ser consideradas contrarias aos obxectivos xerais do centro e/ou non teñan a suficiente dimensión cultural a criterio da Concellería; que se realicen con fins comerciais e/ou lucrativo; as de venda directa, indirecta ou de promoción de artigos de consumo (salvo que veñan motivadas por unha causa de carácter social ou benéfica); as que dificulten ou menoscaben a programación propia do centro; as de carácter doutrinal de signo confesional; as que persigan a estrita satisfacción de intereses persoais e/ou familiares; as que atenten contra os principios constitucionais, os dereitos humanos ou a lexislación vixente, e as que fosen denegadas polos órganos de goberno do Concello de Vigo.*

*As solicitudes de uso para a realización de xuntanzas e/ou asembleas de diferentes entidades e colectivos sen ánimo de lucro, ensaios que non teñan por fin actuar na propia sala, preparación de cursos e actividades periódicas que non requiran para a súa realización posterior da ocupación do salón de actos, só poderán facer uso cando non estea ocupado por unha actividade aberta ao público en xeral, que terá prioridade absoluta nos mesmos; polo cal as*

autorizacións que procedan non se confirmarán en firme con máis de 10 días naturais de antelación.

#### OITAVA.- DURACIÓN DA CESIÓN.

O tempo de cesión quedará determinado na autorización correspondente, e será o estrictamente necesario para o desenvolvemento da actividade, a súa montaxe e desmonte e limpeza xeral, debendo quedar claros estes extremos na solicitude.

O Concello definirá o tempo de cesión, dende o momento da dispoñibilidade do local para comezar os preparativos ou montaxe das actividades ata a fin da desmonte.

Con carácter xeral, non se resolverán solicitudes de actividades que supoñan compromisos de cesión de uso regular e continuado superior a 5 días consecutivos.

As cesións para actividades a desenvolver ao longo dun ano natural, curso escolar ou período dilatado, deberán solicitarse antes do 30 de setembro do ano inmediato anterior, achegando a planificación de actividades completa e calendario a realizar.

#### NOVENA.- PUBLICIDADE E DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES.

Os organizadores asumirán integramente a produción do material gráfico editado para a difusión do evento a realizar, indicando nos mesmos, no lugar e tamaño adecuado, a participación do Concello, incluíndo o anagrama-logotipo e as lendas que se acorden. O material editado terá que contar coa conformidade previa do servizo de Cultura e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Se no financiamento ou organización da actividade interveñen outras entidades a prelación e tamaños serán proporcionais á implicación de cada unha.

A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividades será o galego dentro da ámbito territorial de Galicia; a Concellería de Cultura acordará cal será a lingua empregada para a difusión noutros ámbitos. En todo caso, actuarase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo (BOE 17/05/1989).

A difusión ós medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rolda de prensa, difusión de noticias, informacións, etc.) deberá estar previamente acordada coa Concellería de Cultura.

Os organizadores das actividades entregarán no servizo de Cultura un mínimo 5 exemplares dos soportes impresos editados, para coñecemento e difusión por parte do Concello.

Na medida da súa dispoñibilidade presupostaria a concellería de Cultura tratará de facilitar o material básico de difusión (cartel, díptico ou tríptico, etc.). Os organizadores poderán, ao seu cargo, ampliar as tiraxes das edicións deste material, axustándose á liña definida pola Concellería para o material que edite.

O Concello resérvase o dereito a difundir os datos das actividades nos diferentes medios informativos municipais. A tal fin, o solicitante facilitará con antelación suficiente e previa á edición, toda a información nos formatos axeitados.

#### DÉCIMA.- PERSONAL TÉCNICO DE PRODUCCIÓN.

En cumprimento do Plan de Autoprotección do centro, o Concello, aportará o persoal mínimo necesario para a posta en funcionamento das dependencias e apertura de portas. Os organizadores das actividades deberán achegar o persoal técnico necesario para a produción



das mesmas, comunicando a tal fin os seus datos de contacto na solicitude. Este persoal seguirá as instrucións do persoal designado pola Concellería sobre a utilización das dependencias, equipos e instalacións.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- OTRAS OBRIGAS DOS ORGANIZADORES DAS ACTIVIDADES.**

Os organizadores e os responsables das actividades autorizadas quedan obrigados a:

- Devolver as dependencias e equipamentos cedidos pola Concello nas mesmas condicións en que lle foran entregados polo que velarán polo seu coidado e uso adecuado.
- Prestar a necesaria información e atención ao público.
- Iniciar as actividades, puntualmente, á hora anunciada ó público.
- Comprobar con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, realizando as correccións necesarias.
- Adoptar as medidas necesarias para que se respecten os aforos das dependencias.
- Obter todos os permisos necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- Expoñer os prezos ao público, cando haxa pagamento de entradas ou de matrícula.
- Facilitar todos os datos de organización da actividade ao servizo de Cultura cunha antelación mínima de 15 días naturais.
- Cumprir co estipulado nas ordenanzas municipais, así como coa lexislación aplicable en materia de seguridade.
- Comunicar os cambios na programación prevista ou as incidencias que se produzan no desenvolvemento das actividades, no momento en que se produzan ou no primeiro día hábil.
- Asumir toda a responsabilidade derivada da actividade organizada (contratos laborais ou de outra índole, calidade artística e técnica, obrigas tributarias e de seguridade social, responsabilidade civil, dereitos de autor e sobre propiedade intelectual, etc.)
- Non se realizarán actividades e instalacións que poidan supoñer un perigo físico para as persoas, e contrarias ao uso normal dos elementos estruturais, mobiliario e instalacións do centro.
- Presentar unha memoria final cos datos da execución da actividade realizada. A tal fin, o Concello facilitará un formulario tipo cos datos básicos requeridos.

**DÉCIMO SEGUNDA.- RESPONSABILIDADE DOS ORGANIZADORES DAS ACTIVIDADES.**

O beneficiario será responsable civil directo dos danos e perdas ocasionados a terceiros nos locais cedidos causados polos seus membros e usuarios, ben por acción ou omisión, dolo ou negligencia, tendo a condición de terceiro o propio Concello.

Asumirán a responsabilidade derivada da propia organización e produción, así como a custodia e vixancia do seu material e equipamento depositado nas instalacións.

As perdas, deterioros ou mal uso dos materiais ou instalacións cedidos serán restituídos polos organizadores no prazo determinado polo Concello. No caso de que este acordase asumir directamente as reposicións ou reparacións reclamará aos organizadores o pagamento dos gastos xerados.

Mentres os organizadores non realizasen as reposicións, reparacións ou pagamentos que procedan, o Concello denegará as futuras solicitudes de utilización das instalacións.

*O organizador resérvase o dereito de admisión condicionado á obriga a respectar as presentes bases, así como calquera condición esixible por motivos e seguridade xeral.*

*O organizador disporá dun servizo de consigna, suxeito a dispoñibilidade, con horarios restrinxidos, onde o público poderán depositar os obxectos persoais que desexen.*

*O organizador reservase a posibilidade de non permitir o acceso do público unha vez que teña comezado a actividade, salvo que se produzan pausas ou intermedios que o permitan.*

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- CANCELACIÓN DAS ACTIVIDADES.**

*Cando o Concello precise desenvolver actividades nas dependencias citadas, en datas que estean cedidas e comunicadas a outro organizador podería revogar a autorización da cesión, procurando, de ser posible, facilitarlle outra data ou lugar alternativo.*

*Nese caso, o Concello colaborará cos organizadores na difusión da información e, se fose o caso, aboará os gastos realizados polo organizador da actividade cancelada, quen os xustificará documentalmente no prazo que se determine para cada caso, dende a notificación da cancelación.*

#### **DÉCIMO CUARTA.- COÑECEMENTO DAS BASES.**

*A solicitude de utilización das dependencias para unha actividade presupón que os solicitantes e organizadores coñecen as bases de utilización do salón de actos.*

*O Concello, velando polo coñecemento do regulamento, exporao nos seus soportes de difusión e facilitaralle copia ás entidades que o soliciten.*

#### **DÉCIMO QUINTA.- RESOLUCIÓN E XESTIÓN.**

*A resolución da solicitude da cesión de uso corresponderalle ao Alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue, de acordo coas presentes bases; sen prexuízo das funcións ou competencias que lles correspondan a outras unidades do Concello.*

*Transcorrido o prazo de 3 meses dende que se cursou a solicitude sen que se notificase o acordo expreso, entenderase desestimada a mesma por silencio administrativo.*

*A instrución dos expedientes de autorización da cesión correspóndelle ao servizo de Cultura previo informe do persoal técnico correspondente.*

*As unidades e servizos municipais, para o desenvolvemento da súa actividade, axustaranse a estas bases e remitirán ao servizo de Cultura a solicitude coa información requirida en cada caso.*

*As presentes normas serán de aplicación subsidiaria para o uso doutras dependencias, equipamento, instalacións ou elementos estruturais do centro que precisen os organizadores das actividades para complementalas no seu caso.*

*O uso de espazos próximos exteriores, que precisen os organizadores das actividades para complementalas, non está axustado a estas bases, polo que serán solicitadas independentemente polos interesados e requirirán unha resolución de autorización da Alcaldía ou da Comisión de Goberno do Concello de Vigo, tralos informes necesarios.*

#### **DÉCIMO SEXTA.- DAS PERSONAS USUARIAS. ACCESO, DEREITOS E DEBERES.**

*Considerase usuaria a toda persoa física que acceda, visite ou utilice calquera das instalacións do centro.*

### *12.1 Modalidade de acceso dos usuarios as actividades*

*As actividades que se realicen terán que ser públicas, en calquera das súas modalidades: a) entrada libre ata completa-lo aforo, b) entrada con invitación ou inscrición gratuíta previa, c) con pagamento de entrada ou matrícula (con/sen inscrición previa).*

*Na modalidade de invitación o organizador informará sobre os detalles da distribución ou de acceso do público; na modalidade de inscrición previa informarse sobre lugar e horarios de realización.*

*Na modalidade do acceso con pagamento, os organizadores das actividades están autorizados ó cobro de entrada, matrículas ou outros dereitos ós asistentes, de acordo coas seguintes condicións:*

- Detallar na solicitude do local os prezos das entradas ou matrículas.*
- Acreditar que as actividades non teñen ánimo de lucro e que non xera ningún superávit entre os ingresos e gastos.*
- Detallar á Concellería, coa antelación necesaria, o lugar, horario e/ou sistema, para adquisición das entradas ou formalización da matrícula.*
- Informar na difusión dos anteriores detalles e incluílos no material que se edite.*
- Nos actos programados polo Concello con pagamento de entrada ou de matrícula os prezos regularanse polo establecido nas correspondentes ordenanzas fiscais.*
- Os organizadores dos actos expoñerán os prezos das entradas na entrada do local das actividades, dende as 9,00 horas do día de funcionamento do despacho de billetes; ademais facilitarán ós usuarios un billete ou recibo do pagamento, de acordo coa normativa legal que lle resulte de aplicación.*

### *12.2.- Dereitos das persoas usuarias*

- Acceder sen discriminación por razón de raza, sexo, relixión e opinión, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.*
- Ser atendidos na lingua oficial desexada.*
- Ter garantida a confidencialidade dos datos persoais e a privacidade en relación cos materiais e servizos recibidos.*
- Ser atendidos con respecto, cortesía e profesionalidade por parte do persoal do organizador das actividades.*
- Ser informado dos diferentes servizos e prestacións que se ofrecen, así como das normas de uso.*
- Asistirle na utilización dos servizos para unha mellor optimización destes.*
- Presentar suxestións e reclamacións sobre o funcionamento dos servizos.*
- Participar nas actividades culturais libres programadas.*

### *12.3. Deberes das persoas usuarias*

*Todas as persoas usuarias teñen a obriga de respectar ás demais persoas usuarias e ás persoas que prestan servizos de atención ao usuario, así como aos medios e instalacións que se poñen a súa disposición.*

*As persoas usuarias deberán vestir apropiadamente e manter unha hixiene e conduta persoal adecuada para evitar que a falta desta sexa unha molestia para outras persoas.*

*Os menores de idade ou persoas con discapacidade psíquica con dificultades de entendemento das ordes de evacuación, deberán estar acompañados por unha persoa de acordo coa na normativa vixente.*

As persoas que teñan comprometida de forma provisional ou definitiva a súa mobilidade, deberán estar acompañados dunha persoas que colabore na súa evacuación, no caso de ser necesario.

Acceder á sala antes do inicio da actividade. O organizador reservase a posibilidade de non permitir o acceso do público unha vez que teña comezado a actividade, salvo que se produzan pausas ou intermedios que o permitan.

O espazo non conta cun lugar habilitado para os carros de bebés, motivo polo cal as persoas usuarias e persoal de servizo deberán velar para que presenza destes non impida o acceso as instalacións e tránsito adecuado das persoas.

En todos os espazos do centro non está permitido:

- Introducir comida ou bebida (salvo auga).
- Fumar.
- Realizar rexistros audiovisuais (fotografías, vídeo, etc), se non se conta ca debida autorización.
- O acceso de animais, agás cans guía.
- Facer ruído ou desenvolver condutas que perturben o goce e o desenvolvemento das actividades e servizos do centro, ou que poñan en perigo a seguridade ou integridade das instalacións, mobiliario e persoas.
- Retornar para coller obxectos persoais no caso de evacuación de emerxencia.
- Acceder con monopatíns, patines, patinetes, bicicletas, etc.

#### DÉCIMO SÉTIMA.- RÉXIME SANCIONADOR.

Considéranse infraccións todas as actuacións dos cesionarios e usuarios do centro que contraveñan as normas establecidas nestas bases e conforme á seguinte cualificación:

- *Infracción leve: todas aquelas que nas presentes Bases no se consideren graves ou moi graves.*
- *Infracción grave:*
  - *Causar danos e estragos no inmovible e/ou mobles do centro por uso indebido.*
  - *Menosprezar ou insultar as persoas dentro do centro.*
  - *Incumprir o relativo á prohibición de realizar actuacións con ánimo de lucro segundo o descrito nestas Bases*
  - *A reiteración, polo menos en tres ocasións, na comisión de infraccións leves.*
- *Infracción moi grave: aquela que coa súa comisión se atente contra a liberdade das persoas, a súa integridade física ou moral, así como a reiteración, polo menos en dúas ocasións, na comisión dunha infracción grave.*

#### DÉCIMO OITAVA.- SANCIÓN S

Aquelas persoas e/ou grupos que cometan as infraccións tipificadas no artigo anterior, previa instrución do oportuno expediente, se lle impoñerá as sancións seguintes:

- *Infracción leve: multa de ata cincocentos (500,00) euros e privación do uso do local durante tres meses.*

- *Infracción grave: multa de cincocentos euros e un céntimo (500,01) a mil cincocentos (1.500,00) euros e privación do uso do local de tres meses e un día ata dous anos.*
- *Infracción moi grave: multa de mil cincocentos euros e un céntimo (1.500,01) a tres mil (3.000,00) euros e privación do uso do local de dos anos e un día ata catro anos.*

**DÉCIMO NOVENA- INTERPRETACIÓN E INCIDENCIAS DAS BASES.**

*A concelleira/o delegada/o da área de Cultura queda facultada/o para interpretar e desenvolver as presentes bases, así como para resolver as incidencias que se poidan presentar; sen prexuízo das competencias dos restantes órganos de goberno do Concello.*

**9(716).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA II CARREIRA SOLIDARIA COLEXIO ATLÁNTIDA, O VINDEIRO 21 DE XUÑO DE 2015. EXPTE. 13844/333.**

Dáse conta co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 1.06.15, conformado polo secretario de Admón. Municipal e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

**1.- ANTECEDENTES:**

*O CPR PLURILINGÜE ATLÁNTIDA CIF (F-36809861), solicitou o día 17-01-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150005492), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: II CARRERA SOLIDARIA COLEXIO ATLÁNTIDA*
- *[Data:21](#) de xuño de 2015*
- *Horario:*
  - *Inicio e fin evento: 10.30h a 14.00h*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a carreira II CARRERA SOLIDARIA COLEXIO ATLÁNTIDA que terá lugar o domingo 21 de xuño de 2015 dende ás 10.30h ata as 14.00h, a saída será dende a Alameda Suárez Llanos e percorrerá polas rúas Paulino Freire, Camilo Veiga, Tomás Alonso, rematando na Alameda Suárez Llanos onde se atopará a meta.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*
- *Montes, parques e xardíns*
- *Limpeza*

**2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

### **3- PROPOSTA DE ACORDO:**

*Autorizar ao CPR PLURILINGÜE ATLÁNTIDA con CIF (F-36809861), a organizar o vindeiro domingo 21 de xuño de 2015, o evento deportivo denominado II CARRERA SOLIDARIA COLEXIO ATLÁNTIDA, a carreira comezará ás 10.30h e rematará as 14.00h, terá a súa saída dende a Alameda Suárez Llanos e percorrerá polas rúas Paulino Freire, Camilo Veiga, Tomás Alonso, rematando na Alameda Suárez Llanos onde se atopará a meta.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **10(717).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA 32ª CARREIRA NOCTURNA DE SAN XOÁN O VINDEIRO 23 DE XUÑO DE 2015. EXPTE. 14170/333.**

Dáse conta co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 12.06.15, conformado polo secretario de Admón. Municipal e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

### **1.- ANTECEDENTES:**

*A Agrupación Viguesa de Atletismo con CIF (G-36645109), solicitou o día 04-06-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150072397), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: 32ª CARREIRA NOCTURNA DE SAN XOAN*
- *Data: 23 de xuño de 2015*
- *Horario:*
  - *Inicio: 21.00h*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o martes 23 de xuño de 2015, a proba comezará ás 21.00h, a súa saída será dende a Pza do Rei, seguindo por Camelias, Romil, Pi y Margall, López Mora. Bar Boo, Coruña, Tomás Alonso, Paulino Freire, Beiramar, rematando na pza do Berbés.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local.*

- *Seguridade.*
- *Protección civil*
- *Voluntariado*

## 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

## 3- PROPOSTA DE ACORDO:

*Autorizar á Agrupación Viguesa de Atletismo con CIF (G-36645109), a organizar o vindeiro martes 23 de xuño de 2015, o evento deportivo denominado 32º CARRERA NOCTURNA DE SAN XOAN. A carreira comenizará ás 21.00h e terá a súa saída dende a Praza do Rei, seguindo por Camelias, Romil, Pi y Margall, López Mora. Bar Boo, Coruña, Tomás Alonso, Paulino Freire, Beiramar, rematando na Praza do Berbés.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **11(718).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO VERÁN DEPORTIVO 2015, DO 13 DE XUÑO ATA O 5 DE XULLO DE 2015. EXPTE. 14149/333.**

Dáse conta co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 5.06.15, conformado polo secretario de Admón. Municipal e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

### 1.- ANTECEDENTES:

*A empresa ORGANIZIA EVENTOGLOBAL con CIF (B-36915585), solicitou o día 20-05-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150064049) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: VERAN DEPORIVO 2015*
- *[Data: 13 XUÑO ATA 5 XULLO DE 2015](#)*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente ao programa deportivo VERAN DEPORTIVO 2015, o evento comenizará o sábado 13 de xuño de 2015 e rematará o 5 de xullo de 2015 neste programa haberá diferentes*

competicións deportivas. O espazo onde se levará a cabo o evento será ao carón da desembocadura do río Lagares, na praia de Samil.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Medio Ambiente
- Servicio Provincial de Costas de Pontevedra

## 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

## 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar a ORGANIZIA EVENTOGLOBAL con CIF (B-36915585), a organizar dende o sábado 13 de xuño ata o 5 de xullo de 2015, o evento deportivo denominado VERAN DEPORTIVO 2015, este evento se levará a cabo ao carón da desembocadura do río Lagares na praia de Samil.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **12(719).- PROXECTO DE CONVENIO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO CO OBXECTO DE COADXUVAR O PROXECTO DE PARTICIPACIÓN FASE DE ASCENSO Á PRIMEIRA DIVISIÓN NACIONAL DE FÚTBOL FEMENINO. EXPTE. 14120/333.**

Visto o informe xurídico do do 28.05.15 e o informe de fiscalización do 4.06.15, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 20.05.15, conformado pola concelleira de Economía, Facenda e Contratación, que di o seguinte:

*Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio ó expediente de subvención a favor da FPR Olivo pola participación da entidade na Fase de ascenso á Primeira División Nacional de Fútbol Feminino.*

*A FPR Olivo, é unha asociación privada con personalidade xurídica, capacidade de obrar, que ten por obxecto primordial, según establecen os seus estatutos, o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel ou destinatario.*



*Entre as actuacións enmarcadas nos fins fundamentais da entidade, atopamos que a Federación de Peñas Recreativas el Olivo practica como principal modalidade deportiva a do Fútbol Feminino. Neste sentido, a entidade alcanzou nas derradeiras tempadas deportivas un altísimo nivel de rendemento, o que lle permitiu competir nas primeiras categorías do fútbol feminino Nacional.*

*Na Tempada 2014/2015, o primeiro equipo da entidade participou na Liga de 2ª División Nacional de Fútbol Feminino, o que supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués en diferentes cidades da xeografía nacional, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional na cidade de Vigo.*

*Nesta Tempada 2014/2015, o equipo acadou a primeira posición no Grupo Primeiro da categoría o que lle permite xogar o "Play off" polo ascenso á máxima categoría do fútbol nacional. Este Play off dispútase en dúas fases, nas que se emparellan os oito mellores clasificados nos diferentes grupos a nivel nacional.*

*A Federación de Peñas Recreativas el Olivo, única entidade da cidade que ten a opción de ascender á máxima categoría do fútbol feminino nacional, cunha importante repercusión mediática e social, e un nivel deportivo de enorme valor.*

*Nesta Fase de ascenso participarán equipos representantes de 8 cidades de toda España, e convertírase, durante a súa celebración no foco de atención da modalidade a nivel nacional, atraendo a atención dun gran número de siareiros e supoñendo un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación, xa que no campionato participarán os mellores equipos da segunda categoría da modalidade a nivel nacional.*

*O Concello de Vigo atopa criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción, fomento e dinamización da actividade físico-deportiva vinculada á alta competición na cidade de Vigo.*

*Tendo en conta estes criterios, atendendo á participación da Federación de Peñas Recreativas el Olivo na Fase de ascenso á Primeira División Nacional de Fútbol Feminino representando á cidade de Vigo, considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva desenvolvida polas entidades da cidade de Vigo, e atendendo á solicitude de subvención remitida pola dita entidade, plantéase a presente proposta para a adxudicación dunha subvención por importe de 3.000,00€ ao obxecto de colaborar coa financiación dos gastos que supón a participación no evento de referencia.*

*As actuacións vinculadas con esta subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade a Federación de Peñas Recreativas el Olivo é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características particulares. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concurren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención á Federación de Peñas Recreativas el Olivo co obxectivo de colaborar na financiación dos gastos ocasionados pola dinamización do proxecto.*

*Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

*–Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.*

- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interés deportivo na cidade de Vigo.*
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.*

*A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.*

*Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar na financiación dos gastos xerados polo desenvolvemento do seu proxecto deportivo.*

*A Federación de Peñas Recreativas el Olivo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 14120/333.*

*En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto da Federación de Peñas Recreativas el Olivo, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.*

*A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Federación de Peñas Recreativas el Olivo é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como ó do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade. A subvención que regula o convenio proposto non obedece ós principios de pu-*

*blicidade e concorrência dado que a Federación de Peñas Recreativas el Olivo é a única entidade da cidade na actividade de referencia.*

*O obxecto da presente proposta de subvención é colaborar fundamentalmente na financiación dos gastos vinculados á participación da Federación de Peñas Recreativas el Olivo na Fase de Ascenso á Primeira División do Fútbol Feminino Nacional en representación da Cidade de Vigo.*

*Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.*

*A Federación de Peñas Recreativas el Olivo presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades a realizar e o destino da subvención.*

*A concesión da subvención implica a aceptación por parte da Federación de Peñas Recreativas el Olivo das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.*

*A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada. A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:*

- *Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:*

- *Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto do presente convenio.*

- *Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*

- *En xeral os documentos xustificativos correspóndense con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.*

*Por todo o exposto, previo informe da Intervención do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e a Federación de Peñas Recreativas el Olivo, co CIF: G-36704666, para a concesión dunha subvención co obxecto de coadxuvar o proxecto de participación Fase de Ascenso á Primeira División Nacional de Fútbol Feminino que se celebra entre o 17 de maio e o 14 de xuño de 2015.*

*SEGUNDA: Autorizar o gasto polo importe de 3.000,00 € a favor da Federación de Peñas Recreativas el Olivo, co CIF: G-36704666, con enderezo social na Rúa Otero Pedrayo, 5, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención para o desenvolvemento do proxecto de participación na Fase de ascenso á Primeira División Nacional de Fútbol Feminino que se celebra entre o 17 de maio e o 14 de xuño de 2015.*

*TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.*

### **Acordo**

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE PARTICIPACIÓN NA FASE DE ASCENSO Á PRIMEIRA DIVISIÓN DO FÚTBOL FEMININO QUE SE CELEBRA ENTRE O 17 DE MAIO E O 14 DE XUÑO DE 2015. (Expte. 14120/333).*

*Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_\_ de dous mil quince.*

### **REUNIDOS**

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra, don Camilo Pais Martínez como presidente da entidade Federación de Peñas Recreativas el (En adiante FPR Olivo) CIF nº G-36704666 e enderezo social na rúa Otero Pedraio, 5, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 14120/333.*

*Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,*

## MANIFESTAN

I.- Que a FPR Olivo foi constituída en Vigo, sendo unha asociación privada con personalidade xurídica, capacidade de obrar, que ten por obxecto primordial, según establecen os seus estatutos, o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel ou destinatario.

Entre as actuacións enmarcadas nos fins fundamentais da entidade, atopamos que a Federación de Peñas Recreativas el Olivo practicará como principal modalidade deportiva a do Fútbol Feminino. Neste sentido, a entidade alcanzou nas derradeiras tempadas deportivas un altísimo nivel de rendemento, o que lle permitiu competir nas primeiras categorías do fútbol feminino Nacional.

II.- Na Tempada 2014/2015, o primeiro equipo da entidade participou na Liga de 2ª División Nacional de Fútbol Feminino, o que supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués en diferentes cidades da xeografía nacional, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional na cidade de Vigo.

O equipo acadou a primeira posición no Grupo Primeiro da categoría o que lle permite xogar o "Play off" polo ascenso á máxima categoría do fútbol nacional. Este Play off dispútase en dúas fases, nas que se emparellan os oito mellores clasificados nos diferentes grupos a nivel nacional.

A Federación de Peñas Recreativas el Olivo, é a única entidade da cidade que ten a opción de ascender á máxima categoría do fútbol feminino nacional, cunha importante repercusión mediática e social, e un nivel deportivo de enorme valor.

Nesta Fase de ascenso participarán equipos representantes de 8 cidades de toda España, e convertírase, durante a súa celebración no foco de atención da modalidade a nivel nacional, atraendo a atención dun gran número de siareiros e supoñendo un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación, xa que no campionato participarán os mellores equipos da segunda categoría da modalidade a nivel nacional.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de competición.
- Conseguir que o colectivo da cidadanía de Vigo, conte cun proxecto deportivo no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun mapa de actividade deportiva no entorno asociativo da cidade.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é colaborar co financiamento dos gastos ocasionados pola participación da FPR Olivo na Fase de Ascenso á Primeira División Nacional de Fútbol Feminino.

VI.- Que a FPR Olivo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e

*fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no presente expediente.*

*VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da FPR Olivo, o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da subvención en base aos seguintes.*

#### PACTOS

Primeiro.- *A FPR Olivo comprométese a colaborar coa Concillería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:*

*1º.- Desenvolver a actuación obxecto principal da subvención, a participación na Fase de Ascenso á Primeira División Nacional de Fútbol Feminino que se celebra entre o 17 de maio e o 14 de xuño de 2015, representando á cidade de Vigo.*

*2º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que poidan ter vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.*

*3º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concillería de deportes.*

Segundo.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1º.- Conceder á FPR Olivo unha subvención polo importe de 3.000,00€, en concepto de subvención directa en base ó convenio para o desenvolvemento do proxecto "Participación na Fase de Ascenso á Primeira División Nacional de Fútbol Feminino que se celebra entre o 17 de maio e o 14 de xuño de 2015". Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.01 do vixente orzamento. Para o procedemento de xustificación e pago do importe da subvención, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.*

*2º.- Colaborar coa FPR Olivo, na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.*

*3º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe (Concello de Vigo) nos ámbitos de promoción da FPR Olivo (revista, web, etc).*

Terceiro.- *Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos no prazo comprendido entre a sinatura do convenio e como máximo tres meses desde a finalización da actividade. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo foi de ..... euros.

A entidade deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante

orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata tres meses da finalización do evento.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.



Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; e o recollido na base 38 das de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_ de \_\_\_ de 2015.

**13(720).- PROXECTO DE CONVENIO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á FAVOR DO COMESAÑA SC CO OBXECTO DE COADXUVAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES VINCULADO COA CELEBRACIÓN DO CENTENARIO DA ENTIDADE NO ANO 2015. EXPTE. 14124/333.**

Visto o informe xurídico do 28.05.15, o informe de fiscalización do 8.06.15, e a dilixencia de data 9.06.15, do director deportivo do IMD, aclaratoria de observación do informe de fiscalización, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 26.05.15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e a concelleira de Economía, Facenda e Contratación, que di o seguinte:

*Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio ó expediente de subvención a favor do Comesaña SC polo desenvolvemento do programa de actividade vinculado coa celebración do Centenario da entidade.*

*O Comesaña SC, nacida no ano 1915, é unha asociación privada con personalidade xurídica, capacidade de obrar, que ten por obxecto exclusivo ou principal a práctica da actividade física e deportiva polos asociados, así como a participación en actividades e competicións oficiais, sen ánimo de lucro.*

*Entre as actuacións enmarcadas nos fins fundamentais da entidade, atopamos que Comesaña SC practica como principal modalidade deportiva o atletismo. Neste sentido, a entidade participa nas principais competicións federadas organizadas a nivel provincial, autonómico e nacional cos atletas vinculados á entidade.*

*No ano 2015, a entidade cumpre 100 anos de existencia, un hito do que poucas entidades poden presumir, e que lle outorga un valor moi importante para a promoción do atletismo tanto na propia cidade de Vigo como nas diferentes cidades da xeografía nacional, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional no ámbito do atletismo na cidade de Vigo e que ten ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.*

*O programa de actividades previsto, que se anexa na memoria presentada pola entidade, inclúe, entre outras actividades, a celebración do Trofeo Centenario, unha camiñata guiada pola parroquia de*

*San Andrés de Comesaña, unha exposición de fotografías históricas da entidade, varias charlas-coloquio coa participación de deportistas destacados, unha gala do centenario e a clausura do programa de actividades coa celebración da 37ª edición do Cross Belarmino Alonso que convertirase, durante a súa celebración, no foco de atención da modalidade a nivel autonómico, atraendo a atención dun gran número de siareiros e supoñendo un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación*

*O Concello de Vigo atopa criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción, fomento e dinamización do atletismo na cidade de Vigo.*

*Tendo en conta estes criterios, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten a continuidade de proxectos da envergadura e historia como o do Comesaña SC, considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva desenvolvida polas entidades da cidade de Vigo, e atendendo á solicitude de subvención remitida pola dita entidade, plantéase a presente proposta para a adxudicación dunha subvención por importe de 8.000,00€ ao obxecto de colaborar coa financiación dos gastos que supón a organización dos eventos de referencia.*

*As actuacións vinculadas con esta subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade o Comesaña SC é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características particulares. Estas circunstancias xustifican que para o desenvolvemento deste expediente, non resulta posible nin recomendable promover a concorrència pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concurren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención ó Comesaña SC co obxectivo de colaborar na financiación dos gastos ocasionados pola dinamización do proxecto.*

*Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.*
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.*
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.*

*A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.*

*Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar na financiación dos gastos xerados polo desenvolvemento do seu proxecto deportivo.*

*O Comesaña SC non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 14124/333.*

*En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto do Comesaña SC, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.*

*A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade o Comesaña SC é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como ó do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.*

*O obxecto da presente proposta de subvención é colaborar fundamentalmente na financiación dos gastos vinculados ó desenvolvemento do programa de actividades vinculadas co centenario da entidade, debido o interese que para a cidade de Vigo teñen proxectos deportivos coa traxectoria histórica como o de referencia.*

*Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.*

*O Comesaña SC presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades a realizar e o destino da subvención.*

*A concesión da subvención implica a aceptación por parte do Comesaña SC das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.*

*A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:*

- *Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:*

●Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto do presente convenio.

●Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

●En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Por todo o exposto, previo informe da Intervención do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e o Comesaña SC, co CIF: G-36645257, para a concesión dunha subvención co obxecto de coadxuvar o proxecto de actividades vinculadas co centenario do clube no ano 2015.

SEGUNDA: Autorizar o gasto polo importe de 8.000,00 € a favor do Comesaña SC, co CIF: G-36645257, con enderezo social na Rúa Camiño da Pedreira, 21, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención para o desenvolvemento do proxecto de actividades vinculadas co centenario do clube no ano 2015.

TERCEIRO: *Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O COMESAÑA SPORTING CLUB CO OBXECTO DE COLABORAR CO FINANCIAMENTO DOS GASTOS OCASIONADOS POLO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES VINCULADO COA CELEBRACIÓN DO CENTENARIO DA ENTIDADE NO ANO 2015 (EXPTE. 14124/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_\_ de dous mil quince.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

*Doutra, don Belarmino Alonso Comesaña como presidente do Comesaña Sporting Club (En adiante Comesaña SC) CIF nº G-36645257 e enderezo social na rúa Camiño da Pedreira, 21, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 14124/333.*

*Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,*

#### MANIFESTAN

*I.- Que o Comesaña SC foi constituída en Vigo, sendo unha asociación privada con personalidade xurídica, capacidade de obrar, que ten por obxecto primordial, según establecen os seus estatutos, o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel ou destinatario.*

*Entre as actuacións enmarcadas nos fins fundamentais da entidade, atopamos que Comesaña SC practica como principal modalidade deportiva o atletismo. Neste sentido, a entidade participa nas principais competicións federadas organizadas a nivel provincial, autonómico e nacional cos atletas vinculados á entidade.*

*II.- Que no ano 2015, a entidade cumpre 100 anos de existencia, un hito do que poucas entidades poden presumir, e que lle outorga un valor moi importante para a promoción do atletismo tanto na propia cidade de Vigo como nas diferentes cidades da xeografía nacional, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional no ámbito do atletismo na cidade de Vigo e que ten ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.*

*O programa de actividades previsto, que se anexa na memoria presentada pola entidade, inclúe, entre outras actividades, a celebración do Trofeo Centenario, unha camiñata guiada pola parroquia de San Andrés de Comesaña, unha exposición de fotografías históricas da entidade, varias charla-coloquio coa participación de deportistas destacados, unha gala do centenario e a clausura do programa de actividades coa celebración da 37ª edición do Cross Belarmino Alonso que convertirase, durante a súa celebración, no foco de atención da modalidade a nivel autonómico, atraendo a atención dun gran número de siareiros e supoñendo un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación*

*III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- Colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de competición.*
- Conseguir que o colectivo da cidadanía de Vigo, conte cun proxecto deportivo no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun mapa de actividade deportiva no entorno asociativo da cidade.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, os intervinetes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é colaborar co financiamento dos gastos ocasionados polo desenvolvemento do programa de actividades vinculado coa celebración do centenario da entidade no ano 2015, o cal xustifica que para o desenvolvemento deste expe-*

*diente, non resulta posible nin recomendable promover a concorrencia pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa.*

*VI.- Que o Comesaña SC non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no presente expediente.*

*VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade do Comesaña SC, o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da subvención en base aos seguintes.*

#### PACTOS

Primeiro.- O Comesaña SC comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

*1º.- Desenvolver a actuación obxecto principal da subvención, desenvolver o programa de actividades vinculado coa celebración do Centenario da entidade no ano 2015.*

*2º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que poidan ter vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.*

*3º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

*1º.- Conceder ó Comesaña SC unha subvención polo importe de 8.000,00€, en concepto de subvención directa en base ó convenio para o desenvolvemento do proxecto "Programa de actividades vinculado coa celebración do Centenario da entidade no ano 2015". Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.01 do vixente orzamento. Para o procedemento de xustificación e pago do importe da subvención, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.*

*2º.- Colaborar co , na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.*

*3º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe (Concello de Vigo) nos ámbitos de promoción do Comesaña SC (revista, web, etc).*

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos no prazo comprendido entre a sinatura do convenio e como máximo o 15 de decembro de 2015. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo foi de ..... euros.

A entidade deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante

orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e o 15 de decembro de 2015 .

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.



Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; e o recollido na base 38 das de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2015.

#### **14(721).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA DE EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS. EXPTE. 13263/332.**

Visto o informe xurídico de data 1.06.15, e o informe de fiscalización do 5.06.15, dáse conta do informe-proposta do técnico medio de Actividades Culturais e Educativas, do 22.05.15, conformado pola concelleira de Educación e a concelleira de economía e Facenda, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 19 de outubro de 2012, na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), acordou adxudicar definitivamente á Asociación Mulleres Progresistas de Vigo (CIF G-36.657.336) o procedemento aberto para a contratación da xestión do Programa Municipal de Educación de Persoas Adultas (expte. 13263-332) por un prezo total de 74.583 euros. Todo o anterior de acordo cos pregos de prescricións técnicas particulares redactado polo Servizo de Educación de data 15/03/2012 e de cláusulas administrativas particulares redactado polo Servizo de Contratación de data 24/04/2012, que foron aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión do 25 de maio de 2012 e a oferta presentada.*

*En data 29/10/2012 asinouse documento contractual entre o Concello de Vigo e a Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, recollendo no mesmo como data de iniciación do contrato para a prestación do servizo o día 01 de novembro de 2012. No prego de cláusulas administrativas se fixa unha duración do contrato de dous anos polo que o dito prazo rematou o 31/10/2014, e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo (cláusula 7 en relación cos apartados 4.A) e 4.C) das FEC). Así, prevese a posibilidade de prórrogas por un máximo de dous anos.*

*Consonte ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 23 de maio de 2014, adoptou o acordo de autorizar a 1ª prórroga por un ano para a xestión do Programa Municipal de Educación de Persoas Adultas (expte 13623-332) para o período comprendido entre o 01/11/14 e o 31/10/2015.*

*Seguindo indicacións da Concelleira de Educación, e tendo en conta a prestación satisfactoria dos servizos contratados por parte da empresa adxudicataria (Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo) desenvolvidos de acordo cos pregos que rexen o vixente contrato;*

manifesta mediante dilixencia de data 20/04/15 a necesidade de solicitar do órgano de contratación a 2ª prórroga do presente contrato do 01/11/15 ao 31/10/16.

Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Autorizar a 2ª prórroga por un ano do contrato para a xestión do Programa Municipal de Educación de Persoas Adultas (expte. 13263-332) para o período comprendido entre o 01/11/15 e o 31/10/16.

2º.- Autorizar e comprometer un gasto de 37.224,41.-€, sen prexuízo da revisión de prezos que proceda no seu caso, dos cales:

*Para o ano 2015 (01/11/2015-31/12/2015): corresponden 9.306,10.-€, que se imputarán á partida 3260.227.99.16 (Programa de Alfabetización) do vixente orzamento.*

*Para o ano 2016 (01/01/2016-31/10/2016): corresponden 27.918,31.-€, que se imputarán á partida 3260.227.99.16 (Programa de Alfabetización), que se financiarán con cargo aos créditos que se asignen para tal fin no orzamento do 2016.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(722).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO PARA A XESTION DO PROGRAMA DE EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS. EXPTE. 13263/332.**

Visto o informe xurídico de data 1.06.15, e o informe de fiscalización do 8.06.15, dáse conta do informe-proposta do técnico medio de Actividades Culturais e Educativas, do 29.04.15, conformado pola concelleira de Educación e a concelleira de economía e Facenda, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

1. A Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado o 19 de outubro de 2012 adxudicou definitivamente á Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, o procedemento aberto para a contratación da xestión do Programa Municipal de Educación de Persoas Adultas (expte. 13263-332) por un prezo total de 74.583 euros. No PCAP fíxase unha duración do contrato de dous anos e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo (cláusula 7 en relación cos apartados 4.A) e 4.C) por un máximo de dous anos.

2. A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 23 de maio de 2014, adoptou o acordo de autorizar a 1ª prórroga por un ano para a xestión do Programa Municipal de Educación de Persoas Adultas (expte 13623-332) para o periodo comprendido entre o 01/11/14 e o 31/10/2015.

Lembremos que tanto no PCAP coma na adxudicación inicial se establece un prazo de duración do contrato de dous anos prorrogables por dous anos máis. O contrato iniciouse o 01 de novembro de 2012 e rematou o 31 de outubro de 2014, pero o mesmo foi prorrogado ate 31 de outubro de 2015.

3. Dna. María Fernanda García Collazo, en nome e representación da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo (CIF G-36.657.336), solicita con data de rexistro de entrada municipal do 07 de novembro de 2013 (nº doc 130129607 que se achega ao presente expte.) a 1ª revisión do prezo correspondente ao devandito contrato a partires do 01 de novembro por incremento do IPC do contrato. Relacionado con este asunto de referencia, en data 10 de decembro de 2013, Dna. María Fernanda García Collazo, en nome e representación da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo (CIF G-36.657.336), presenta escrito dirixido ao Servizo Municipal de Educación no que exprésamente renuncia á actualización-revisión de prezo do contrato á que tería dereito dita Asociación pola variación do IPC en aplicación do prego de cláusulas que rexeu o procedemento de contratación, a aplicar dende o 01 de novembro de 2013 ate o 31 de outubro de 2014.

Cómpre indicar que ate agora non se tramita o expte. obxecto deste informe, dado que durante este periodo de tempo, seguindo instrucións dos diferentes Concelleiros/as delegados/as da área de educación, pospúxose a tramitación do expediente de revisión de prezos correspondente.

4. Esta iniciativa municipal de educación básica de persoas adultas orientada á consecución das competencias básicas sinaladas pola Unión Europea (comunicación lingüística, matemática, interacción co mundo físico, competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia para aprender a aprender e competencia en autonomía e iniciativa persoal), tal como se acredita documentalmentemente coa presentación por parte da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo das memorias de execución que forman parte da documentación que integra o presente expediente, está a ser desenvolvido de xeito satisfactorio para un número aprox de 150 beneficiarios/as, de conformidade cos parámetros didácticos e pedagóxicos de funcionamento contidos nos pregos de condicións administrativas e técnicas que rexeron o citado contrato.

Fundamentación xurídica:

1º.- A revisión de prezos deste contrato está regulada na cláusula 29ª do Prego de Cláusulas Administrativas particulares e na cláusula 3F) das Follas das características do contrato ( FEC en diante). En ditas cláusulas se recolle que procederá a revisión de prezos do contrato unha vez transcorrido o prazo dun ano desde a data de formalización do contrato e sempre e cando este se tivese executado alomenos no 20% do seu importe.

Polo tanto, como queira que o contrato formalizouse o 29 de outubro de 2012 e rematou o 31 de outubro de 2014, pero o mesmo foi prorrogado ate 31 de outubro de 2015, cómpre propor a aprobación da 1ª revisión de prezo polo periodo outubro 2012 – outubro 2013 e a 2ª revisión de prezo polo periodo outubro 2013 – outubro 2014.

2º.-Fórmula de cálculo: Segundo a cláusula 3J) das FEC, prevese que a revisión recollerá o 85% da variación que experimente o IPC nacional no periodo comprendido entre a data de revisión e a data de formalización do contrato (29/10/2012), sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas (04/09/2012) ou respecto da data que que termine dito prazo de tres meses se a adxudicación de produce con posterioridade.

Tras estas consideracións, e logo das conversas mantidas coa intervención municipal sobre o asunto obxecto do presente informe, infórmase do seguinte:

Como queira entón que a 1ª revisión de IPC corresponde ao periodo outubro 2012 - outubro 2013, para aplicar no periodo novembro 2013 - outubro 2014, debemos ter en conta a variación do 85% experimentada polo IPC nacional entre outubro de 2012 e outubro de 2013. A variación experimentada polo IPC segundo o INE no período de referencia foi do -0,1%, polo tanto o índi-

ce que debemos aplicar é o  $(0,85\% \times -0,1\%) = -0,09\%$ , que aplicado ao prezo do contrato ascende a 37.257,94.-€/ano (IPC negativo: - 33,56.-€/ano)

A 2ª revisión de IPC corresponde ao período outubro 2013 - outubro 2014, para aplicar no período novembro 2014 - outubro 2015, debemos ter en conta a variación do 85% experimentada polo IPC nacional entre outubro de 2013 e outubro de 2014. A variación experimentada polo IPC segundo o INE no período de referencia foi do -0,1%, polo tanto o índice que debemos aplicar é o  $(0,85\% \times -0,1\%) = -0,09\%$ , que aplicado ao prezo do contrato ascende a 37.224,41.-€/ano (IPC negativo: - 33,53.-€/ano)

	Período	Aplicación fórmula	IPC	Importe Contrato
1ª Revisión IPC Outub 2012-13	01/11/2013 - 31/10/2014	-0,1% (85% 37.291,50.-€) = -0,09% 37.291,50.-€	- 33,56.-€	37.257,94.-€
2ª Revisión IPC Outub 2013-14	01/11/2014 - 31/10/2015	-0,1% (85% 37.257,94.-€) = -0,09% 37.257,94.-€	- 33,53.-€	37.224,41.-€
	01/11/2014 - 30/04/2015	-33,56.-€ : 8 meses X 6 me- ses	-25,17.-€	
	01/11/2014 - 30/04/2015	-33,53.-€ : 8 meses X 6 me- ses	-25,15.-€	

1ª Revisión 01/11/2013 – 30/04/2015	$(-33,56.-€) + (-25,17.-€) = (-58,73.-€)$
2ª Revisión 01/11/2014 – 30/04/2015	$(-25,15.-€)$
Total	-83,88.-€

Á vista das anteriores consideracións, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

#### ACORDO

1º.- Aprobar a 1ª revisión de prezos do contrato para a xestión do programa de educación básica de persoas adultas polo período Outubro de 2012 - Outubro de 2013, para aplicar no período de facturación novembro 2013 – outubro 2014, quedando o importe do contrato actualizado para ese período en 37.257,94.-€/ano (IPC: - 33,56.-€/ano)

2º.- Aprobar a 2ª revisión de prezos do contrato para a xestión do programa de educación básica de persoas adultas polo período Outubro de 2013 - Outubro de 2014, para aplicar no período de facturación novembro 2014 – outubro 2015, quedando o importe do contrato actualizado para ese período en 37.224,41.-€/ano (IPC: - 33,53.-€/ano)

3º.- Non aceptar a renuncia expresa do adxudicatario á 1ª revisión de prezo do contrato pola variación do 85% do IPC en aplicación do prego de cláusulas que rexeu o procedemento de contratación, a aplicar no período de facturación novembro de 2013 e outubro de 2014, que resulta un IPC negativo de - 33,56.-€/ano.

4º.- Non aceptar a renuncia expresa do adxudicatario á 2ª revisión de prezo do contrato pola variación do 85% do IPC en aplicación do prego de cláusulas que rexeu o procedemento de con-

tratación, a aplicar no periodo de facturación novembro de 2014 e outubro de 2015, que resulta un IPC negativo de – 33,53.-€/ano.

5º.- Recoñecer en concepto de 1ª e 2ª revisión de prezos do contrato polo periodo comprendido entre novembro 2013 e abril de 2015, a cantidade total de – 83,88.-€ a detraer na 1ª factura que se emita pola Asociación Mulleres Progresistas de Vigo pola xestión do programa de educación básica de persoas adultas, a partir da notificación do acordo da Xunta de Goberno Local do novo prezo.

6º.- O importe da facturación mensual deste contrato co novo prezo de 37.224,41.-€/ano, logo da data de aprobación da 1ª e 2ª revisión de prezos será de 4.653,05.-€/mes

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(723).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMIENTO ABERTO, DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE NAVIA. EXPTE. 17043/332.**

Visto o informe xurídico do 12.05.15, o informe de fiscalización do 29.05.15, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Educación, do 1.06.15, conformado pola concelleira de Educación e a concelleira de Facenda, que di o seguinte:

*Mediante Resolución de inicio de expediente de 27 de abril de 2015, a Concelleira de Educación insta ao Servizo de Educación para que inicie “a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a xestión da Escola Infantil Municipal (EIM) de Navia.*

*No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:*

- *Resolución da Concelleira de Educación de 27/04/15 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.*
- *Informe xustificativo da necesidade da contratación do técnico superior de Educación de data 28/04/2015.*
- *Prego de prescripcóns técnicas (PPT) de data 29/04/15 redactado polo técnico superior de Educación.*
- *Memoria xustificativa de data 29/04/15, redactada polo técnico superior de Educación.*
- *Informe de data 07/05/15 da xefa do Servizo de Contratación.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 07/05/15, redactado polo Servizo de Contratación.*
- *Dilixencia do técnico superior de Educación, relativa á revisión de prezos.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 11/05/15, redactado polo Servizo de Contratación.*
- *Informe da Asesoría Xurídica municipal de 12/05/15*
- *Informe-proposta de data 12/05/15, de aprobación do expediente pola XGL*
- *Informe de 21/05/15 da Intervención municipal, solicitando aclaración con respecto á revisión de prezos do contrato.*

- Dilixencia de 22/05/15 do servizo de Educación, remitindo o expediente ao servizo de Contratación para aclaración dos aspectos recollidos no informe da Intervención.
- Dilixencia de 25/05/15 do servizo de Contratación, aclaratoria.
- Dilixencia de 26/05/15 do servizo de Contratación, sobre o mesmo aspecto
- Informe de 29/05/15 da Intervención municipal, fiscalizando de conformidade o expediente.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: xestión da Escola infantil municipal de Navia, que comprende a atención total de nenos e nenas que se escolarizarán nela, tanto nos aspectos educativos para o primeiro ciclo de Educación Infantil, como na súa alimentación, coidado e hixiene dentro do horario da escola, e a xestión e administración do centro baixo a coordinación do Servizo municipal de Educación.

Duración: catro (4) anos, máis dúas posibles prórrogas dun ano de duración cada unha

Prezo: estímase un prezo anual do contrato de 219.880,89 euros

Aplicación orzamentaria: 3230.227.99.05 "EIM Navia"

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do R.D. Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro (TRLCSP). A resolución segundo o artigo 110 1º do TRLCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Navia, por procedemento aberto.

2º.- Aprobar o Prego de prescripcíons técnicas de 29/04/2015 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 11/05/2015 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Navia, por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 891.523,56 euros (85.293,63 € na anualidade de 2015, 219.880,89 € nas anualidades de 2016, 2017 e 2018, e 146.587,26 € na anualidade de 2019) para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Navia, por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230.227.99.05 ("EIM Navia").

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(724).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO DURANTE OS MESES DE MARZO, ABRIL E MAIO DE 2015. EXPTE. 11879/77.**

Mediante escrito do 2.06.15, en cumprimento co establecido na base 31ª das Bases de execución do presuposto do Concello de Vigo, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, durante os meses de marzo, abril e maio de 2015, que son os seguintes:

Expediente	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Importe
11742/77	CM SER	Modificación aplicativo de Orientación Laboral	Hermes Sistemas, S.L.	2.178,00 €
11793/77	CM SER	Campaña difusión resultados Imos Traballar 2	Xenérico	12.000,00 €
11840/77	CM SER	Gastos diversos Imos Traballar 2 Organización III Xornada Nacional de Intercambio Red Impulsa	Xenérico	5.200,00 €
11853/77	CM SUB	Adquisición Equipos Protección Individual Traballadores Vigo Emprega	Peycar, S.L.	4.053,62 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

**18(725).- INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIAS A TRIBUNALS DE SELECCIÓN DE PERSOAL DE “VIGO EMPREGA 1ª QUENDA”. EXPTE. 11800/77.**

Dáse conta do informe-proposta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 3.06.15, conformada polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e voluntariado e a concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:

- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 17 de decembro de 2014, adoptou o acordo, de aprobar as BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA “VIGO EMPREGA” NAS CATEGORÍAS DE CAPATAZ, OFICIAL E PEÓN. EXPTE. 11357/77.
- Na base 10 “CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS” establece:
  - 10.2.- “Nomear a Comisión de Selección conforme se establece no punto 12 das presentes bases.
  - 10.3.- A Comisión de Selección realizará as entrevistas e/ou probas prácticas aos candidatos e candidatas remitidos polo Servizo Público de Emprego que superen os baremos mínimos aprobados pola Xunta de Goberno Local.

- A Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 11 de marzo de 2015, adoptou o acordo de APROBACIÓN DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DE PERSOAL TRABALLADOR BENEFICIARIO DO PROGRAMA “VIGO EMPREGA”-1ª QUENDA 2015. EXPTE. 11535/77.
  - 2.- *Os membros da Comisión de selección de personal do programa “Vigo emprega”, percibirán as asistencias establecidas pola súa participación en tribunais de selección de personal, na cuantía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal.*
- *Rematado o proceso selectivo, o Secretario do Órgano de Selección remitiu a este servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, certificación no que contén a relación de membros do referido órgano de selección xunto ao persoal técnico-administrativo que colaborou na realización das probas selectivas.*
- *A vista do exposto, de conformidade con previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e, a certificación do Secretario do órgano de selección en cargado de xulgar as probas selección para a selección de persoas beneficiarias da 1ª quenda do ano 2015 do programa de inserción laboral “VIGO EMPREGA”, que ten como obxectivo facilitar a inserción laboral de colectivos con dificultades, e que foron publicadas na páxina web municipal o no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello o xxx de abril de 2015e, as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 18 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime dos municipios de grande poboación, e o acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/02/2013, de delegación de competencias en materia de persoal e, a Resolución da Alcaldía de 29/07/2014, sométese a consideración do concelleiro-delegado de Xestión Municipal a seguinte:*

*O gasto necesario para proceder ao abono das asistencias realizadas de participación en tribunais de selección de personal, na cuantía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal. son de 2.616,14 €, que se executará con cargo a aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00 de “Dietas tribunais”.*

Os preceptores das asistencias aos tribunais de selección da 1ª Quenda do programa “Vigo Emprega”, correspondente ao ano 2015, son os que deseguido serelacionan e, polo concepto que se expresa:



	CIF	NºPersoal	Total de Asistencias	Asistencias por categoría		Importe asistencia por categoría		TOTAL
				Categoría 2ª	Categoría 3ª	Categoría 2ª	Categoría 3ª	
<b>PRESIDENTE:</b>								
D. Francisco J. Gutiérrez Orúe	13894232R	13920	8	7	1	299,81 €	39,78 €	339,59 €
D. Albino Rodríguez Ferreira	36025379L	77274	4	2	2	85,66 €	79,56 €	165,22 €

**SECRETARIO:**

D. Lucio C. Varela Borreguero	36023156G	17495	8	6	2	256,98 €	79,56 €	336,54 €
D. Antonio Vivero Mijares	36088250P	21054	1	1		42,83 €	0,00 €	42,83 €

**VOGAIS:**

D. Juan Zaragoza Bastos	35997115E	17704	3	2	1	79,56 €	36,72 €	116,28 €
D. José Antonio Comesaña Davila	36037654N	15272	8	8		318,24 €		318,24 €
D. Guillermo Lorenzo Carrera	36019910R	79387	7	7		278,46 €		278,46 €
D. Adolfo Rodríguez López	36030284W	76430	2	2		79,56 €		79,56 €
D. Primitivo Calles Santos	07818607X	79133	1	1		39,78 €		39,78 €
D. Francisco José García Soto	36029618A	79367	3		3		110,16 €	110,16 €
D. Juan Ramón López Rivera	36042561C	76566	1		1		36,72 €	36,72 €

Prestando asistencia técnico-administrativa, nomeados polos órganos de selección, conforme á base 12 das bases de selección de persoas candidatas a beneficiarias do programa "Vigo Emprega".

**ASESORES ESPECIALISTAS:**

D. Xosé Antonio Muíños Acuña	36074146A	79496	5	4	1	159,12 €	36,72 €	195,84 €
D. Jesús Saavedra Rodríguez	35984439L	14166	1	1		39,78 €		39,78 €
D. Eugenio Caamaño Gestido	35274841V	18589	1	1		39,78 €		39,78 €
Dª María Isabel Pérez Rodríguez	36088703R	80819	1	1		39,78 €		39,78 €
D. José Manuel Martínez Vieitez	76723213C	80492	1	1		39,78 €		39,78 €
D. José Carlos Castro Regueira	35554361H	76674	1	1		39,78 €		39,78 €
D. Jesús Alberto Docamiño Raimúndez	36005207H	13586	1	1		39,78 €		39,78 €
D. David Graña Feijóo	77409744R	82143	1	1		39,78 €		39,78 €
D. José Ramón Seijas Álvarez	34940708M	16350	1	1		39,78 €		39,78 €
D. Ángel Posada Oitabén	36015311W	14516	1	1		39,78 €		39,78 €
D. José Luis Vázquez de Francisco	36025591R	17779	1	1		39,78 €		39,78 €
D. Juan Martínez García	32807940G	81986	1	1		39,78 €		39,78 €
D. Oscar Molares Bargiela	36143265F	79184	1	1		39,78 €		39,78 €
D. Alfonso Conde Rodríguez	36045666C	16308	2	2		79,56 €		79,56 €

O informe proposta, ten informes favorables xurídico e de fiscalización, que se achegan xunto ao expediente nas datas:

- Intervención municipal de data 14/05/2015.
- Secretario Municipal de 20/05/2015.

Polo anteriormente exposto se somete á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Comprometer o gasto de 2.616,14 €, con cargo a aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00 de "Dietas tribunais".
2. Abonar as cantidades que se indican a continuación aos preceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto de asistencias aos tribunais de selección de 140 traballadores da 1ª Quenda do programa "Vigo Emprega":

	CIF	NºPersoal	TOTAL
<b>PRESIDENTE:</b>			
D. Francisco J. Gutiérrez Orúe	13894232R	13920	339,59 €
D. Albino Rodríguez Ferreira	36025379L	77274	165,22 €
<b>SECRETARIO:</b>			
D. Lucio C. Varela Borreguero	36023156G	17495	336,54 €
D. Antonio Vivero Mijares	36088250P	21054	42,83 €

	CIF	NºPersoal	TOTAL
<b>VOGAIS:</b>			
D. Juan Zaragoza Bastos	35997115E	17704	116,28 €
D. José Antonio Comesaña Davila	36037654N	15272	318,24 €
D. Guillermo Lorenzo Carrera	36019910R	79387	278,46 €
D. Adolfo Rodríguez López	36030284W	76430	79,56 €
D. Primitivo Calles Santos	07818607X	79133	39,78 €
D. Francisco José García Soto	36029618A	79367	110,16 €
D. Juan Ramón López Rivera	36042561C	76566	36,72 €

**ASESORES ESPECIALISTAS:**

D. Xosé Antonio Muíños Acuña	36074146A	79496	195,84 €
D. Jesús Saavedra Rodríguez	35984439L	14166	39,78 €
D. Eugenio Caamaño Gestido	35274841V	18589	39,78 €
D <sup>a</sup> María Isabel Pérez Rodríguez	36088703R	80819	39,78 €
D. José Manuel Martínez Vieitez	76723213C	80492	39,78 €
D. José Carlos Castro Regueira	35554361H	76674	39,78 €
D. Jesús Alberto Docamiño Raimúndez	36005207H	13586	39,78 €
D. David Graña Feijóo	77409744R	82143	39,78 €
D. José Ramón Seijas Álvarez	34940708M	16350	39,78 €
D. Ángel Posada Oitabén	36015311W	14516	39,78 €
D. José Luis Vázquez de Francisco	36025591R	17779	39,78 €
D. Juan Martínez García	32807940G	81986	39,78 €
D. Óscar Molares Bargiela	36143265F	79184	39,78 €
D. Alfonso Conde Rodríguez	36045666C	16308	79,56 €
			2.616,14 €

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(726).- INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIAS A TRIBUNAIS DE SELECCIÓN DE PERSOAL DE “VIGO EMPREGA 2ª QUENDA”. EXPTE. 11830/77.**

Dáse conta do informe-proposta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 3.06.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e voluntariado e a concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

**Antecedentes:**

- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 17 de decembro de 2014, adoptou o acordo, de aprobar as BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA “VIGO EMPREGA” NAS CATEGORÍAS DE CAPATAZ, OFICIAL E PEÓN. EXPTE. 11357/77.
- Na base 10 “CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS” establece:
  - 10.2.- “Nomear a Comisión de Selección conforme se establece no punto 12 das presentes bases.
  - 10.3.- A Comisión de Selección realizará as entrevistas e/ou probas prácticas aos candidatos e candidatas remitidos polo Servizo Público de Emprego que superen os baremos mínimos aprobados pola Xunta de Goberno Local.
- A Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 31 de marzo de 2015, adoptou o acordo de APROBACIÓN DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DE PERSOAL

TRABALLADOR BENEFICIARIO DO PROGRAMA "VIGO EMPREGA"-2ª QUENDA 2015.  
EXPTÉ. 11535/77.

- 2.- Os membros da Comisión de selección de personal do programa "Vigo emprega", percibirán as asistencias establecidas pola súa participación en tribunais de selección de personal, na cuantía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal.
- Rematado o proceso selectivo, o Secretario do Órgano de Selección remitiu a este servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, certificación no que contén a relación de membros do referido órgano de selección xunto ao persoal técnico-administrativo que colaborou na realización das probas selectivas.
- A vista do exposto, de conformidade con previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e, a certificación do Secretario do órgano de selección en cargado de xulgar as probas selección para a selección de persoas beneficiarias da 2ª quenda do ano 2015 do programa de inserción laboral "VIGO EMPREGA", que ten como obxectivo facilitar a inserción laboral de colectivos con dificultades, e que foron publicadas na páxina web municipal o no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello o xxx de abril de 2015e, as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 18 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime dos municipios de grande poboación, e o acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/02/2013, de delegación de competencias en materia de persoal e, a Resolución da Alcaldía de 29/07/2014, sométese a consideración do concelleiro-delegado de Xestión Municipal a seguinte:

O gasto necesario para proceder ao abono das asistencias realizadas de participación en tribunais de selección de personal, na cuantía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal. son de 1.346,34 €, que se executará con cargo a aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00 de "Dietas tribunais".

Os perceptores das asistencias aos tribunais de selección da 2ª Quenda do programa "Vigo Emprega", correspondente ao ano 2015, son os que deseguido se relacionan e, polo concepto que se expresa:

	CIF	NºPersoal	Asistencias	Asistencias por categoría		Importe asistencia por categoría		TOTAL
				Categoría 2ª	Categoría 3ª	Categoría 2ª	Categoría 3ª	
<b>PRESIDENTE:</b>								
D. Francisco J. Gutiérrez Orúe	13894232R	13920	3	2	1	85,66 €	39,78 €	125,44 €
D. Albino Rodríguez Ferreira	36025379L	77274	2	1	1	42,83 €	39,78 €	82,61 €

**SECRETARIO:**

D. Lucio C. Varela Borreguero	36023156G	17495	5	3	2	128,49 €	79,56 €	208,05 €
-------------------------------	-----------	-------	---	---	---	----------	---------	----------

**VOGAIS:**

D. Francisco José García Soto	36029618A	79367	4	4		159,12 €		159,12 €
D. Alfonso Conde Rodríguez	36045666C	16308	4	4		159,12 €		159,12 €
D. José Antonio Comesaña Davila	36037654N	15272	3		3		110,16 €	110,16 €
D. Guillermo Lorenzo Carrera	36019910R	79387	3		3		110,16 €	110,16 €
Dª Purificación Bernárdez Martínez	36009878C	11950	2		2		73,44 €	73,44 €

Prestando asistencia técnico-administrativa, nomeados polos órganos de selección, conforme á base 12 das bases de selección de persoas candidatas a beneficiarias do programa "Vigo Emprega".

**ASESORES ESPECIALISTAS:**

D. Xosé Antonio Muíños Acuña	36074146A	79496	2	2		79,56 €		79,56 €
Dª María Isabel Pérez Rodríguez	36088703R	80819	1	1		39,78 €		39,78 €
D. Jesús Carballo Magariños	76819393Z	80659	1	1		39,78 €		39,78 €
D. Antonio Gil González	35994051V	12753	1	1		39,78 €		39,78 €
D. José Luis Vázquez de Francisco	36025591R	17779	1	1		39,78 €		39,78 €
D. Francisco Javier Agulla Amorín	36056400J	78822	1	1		39,78 €		39,78 €
D. Juan Martínez García	32807940G	81986	1	1		39,78 €		39,78 €

O informe proposta, ten informes favorables xurídico e de fiscalización, que se achegan xunto ao expediente nas datas:

- Intervención municipal de data 14/05/2015.
- Secretario Municipal de 20/05/2015.

Polo anteriormente exposto se somete á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Comprometer o gasto de 1.346,34 €, con cargo a aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00 de "Dietas tribunais".

<b>PRESIDENTE:</b>	CIF	NºPersoal	Asistencias	TOTAL
D. Francisco J. Gutiérrez Orúe	13894232R	13920	3	125,44 €
D. Albino Rodríguez Ferreira	36025379L	77274	2	82,61 €

**SECRETARIO:**

D. Lucio C. Varela Borreguero	36023156G	17495	5	208,05 €
-------------------------------	-----------	-------	---	----------

**VOGAIS:**

D. Francisco José García Soto	36029618A	79367	4	159,12 €
D. Alfonso Conde Rodríguez	36045666C	16308	4	159,12 €
D. José Antonio Comesaña Davila	36037654N	15272	3	110,16 €
D. Guillermo Lorenzo Carrera	36019910R	79387	3	110,16 €
Dª Purificación Bernárdez Martínez	36009878C	11950	2	73,44 €

2. Abonar as cantidades que se indican a continuación aos preceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto de asistencias aos tribunais de selección de 74 traballadores da 2ª Quenda do programa "Vigo Emprega":

**ASESORES ESPECIALISTAS:**

D. Xosé Antonio Muíños Acuña	36074146A	79496	2	79,56 €
D <sup>a</sup> María Isabel Pérez Rodríguez	36088703R	80819	1	39,78 €
D. Jesús Carballo Magariños	76819393Z	80659	1	39,78 €
D. Antonio Gil González	35994051V	12753	1	39,78 €
D. José Luis Vázquez de Francisco	36025591R	17779	1	39,78 €
D. Francisco Javier Agulla Amorín	36056400J	78822	1	39,78 €
D. Juan Martínez García	32807940G	81986	1	39,78 €

1.346,34 €

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(727).- PROXECTO DE CONVENIO PARA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DIRIXIDAS Á POBOACIÓN XITANA NO MARCO DOS PROGRAMAS DE LOITA CONTRA A DISCRIMINACIÓN. EXPTE. 11748/77.**

Dáse conta do informe-proposta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 8.06.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e a concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*A lexislación vixente, e en particular da Lei 5/2014, do 27 maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, co obxecto de esclarecer términos de competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación recollidos na mesma, establece no seu artigo 3.\_ "En particular, non se entenderán como exercicio de novas competencias":*

*a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*

*b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.*

*..."*

*No marco deste contexto o Concello de Vigo, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado dende o ano 2001 e moi especialmente nos anos 2012, 2013 e 2014, continuará co convenio de colaboración coa Fundación de Secretariado Xitano, na consideración do emprego como "núcleo central dos orzamentos para o ano 2015", e dentro das expectativas deste Concello prevése a xeración de uns 500 novos postos de traballo coas políticas de emprego, así como cos investimentos públicos municipais, novos contratos mediante programas de inserción laboral, axudas á creación de*

emprego.

*Así mesmo, deseño e dirección das políticas de promoción económica local e das políticas activas de emprego, así como aquelas outras tendentes á posta en valor dos recursos endóxeos e ó desenvolvemento económico local, especialmente dos tendentes á mellora da ocupabilidade dos desempregados (orientación, formación e inserción laboral), á adquisición de experiencia laboral e o apoio ás iniciativas empresariais e de autoemprego do ámbito local.*

*Nas propostas elaboradas polo Concelleiro da área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, estableceuse unha estratexia municipal de cara a mellora do benestar dos cidadáns e estableceuse as directrices e os instrumentos para a obtención dun emprego estable, de calidade, en igualdade de condicións, seguro e ben remunerado.*

*Dentro dos obxectivos marcados por Galicia en materia de emprego atopámonos con: a incorporación de mulleres en ocupacións nas que están subrepresentadas; incorporación laboral das persoas discapacitadas; actuacións relacionadas co mundo rural; actuacións relacionadas cos colectivos en risco de exclusión social; complementar a formación dos recen titulados universitarios cos requirimentos das empresas galegas e facilitar a súa incorporación ao mercado de traballo; mellora das condicións de seguridade no traballo.*

*Nas bases de actuación contéplase o uso das TIC's, como un dos medios na busca dos obxectivos de integración de colectivos desfavorecidos, mais tendo en conta que a sociedade do coñecemento non garante, por si soa, senón que introduce o risco de que se produzan diferencias cada vez maiores entre quen es teñen acceso aos novos coñecementos e os que, por partir dunha situación de obxectiva desvantaxe, quedándo estes últimos á marxe das novas oportunidades. Para evitar este risco certo e aproveitar ao máximo este novo potencial, débense facer esforzos para mellorar as cualificacións, promover un acceso amplo aos coñecementos e loitar contra o desemprego.*

*O emprego é a mellor e máis segura salvagarda contra a exclusión social. En efecto, o emprego e o seu presuposto, a formación, constitúen factores esenciais no proceso de integración e plena participación sociais dos grupos vulnerables ou en risco de exclusión, obxectivo preferente da acción das entidades asinantes deste Convenio, pois esta vía de socialización permite ás persoas facer o que os demais fan e tórnaas socialmente visibles e útiles, estendendo o sentimento de pertenza e de corresponsabilidade no desenvolvemento e progreso da comunidade.*

*Un dos colectivos con maior risco de exclusión é a comunidade xitana, polo que, tanto o Concello de Vigo como a Fundación Secretariado Gitano conveñen na necesidade de establecer unha cooperación tendente a aunar os seus esforzos de cara a posibilitar unha maior inserción social e laboral da comunidade xitana, que conleve a posta en práctica das Directrices do Plan de Acción para o Emprego do Reino de España. As partes coinciden en que a situación das persoas xitanas, con baixos niveis de instrución e altas taxas de desemprego, require a posta en marcha de medidas activas nos campos da formación profesional e o emprego para unha completa incorporación social. Neste sentido, considérase á comunidade xitana como un grupo específico, cun proceso de inserción laboral que require, segundo manifestan os expertos, e dadas as súas peculiaridades e diferencias culturais, un tratamento especializado e integral, que debe ser impulsado de forma positiva cunha política global, de xeito que se superen actuacións parciais ou fragmentadas, así coma o risco da dispersión dos recursos dispoñibles.*

*A Fundación Secretariado Gitano é a encargada de xestionar, por terse subrogado de todas as actividades da Asociación Secretariado General Gitano, as actuacións dirixidas á poboación xitana a través dos Programas Operativos Plurirrexionais de Loita contra a Discriminación do Fondo Social Europeo, no que se enmarcan as actuacións obxecto do presente convenio; e que teñen como obxectivo esencial a inclusión social da poboación xitana dende o punto de vista da formación e o emprego.*

*O Concello de Vigo, en atención a estas consideracións, desexa estreitar lazos, unir esforzos e actuar aunadamente para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo común de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego, acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración.*

*Nas devandidas actividades a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese social e laboral, como son:*

*–A cualificación profesional e o acceso de persoas xitanas a profesións e empregos por conta allea, atendendo ás súas demandas de acordo ás ofertas de contratación por parte das empresas.*

*–Achegamento e adaptación dos servizos xerais de formación profesional e emprego aos xitanos e xitanas desempregados, para que podan acceder a estes como resto dos cidadáns.*

*–A sensibilización sobre os prexuízos e prácticas discriminatorias das que as persoas xitanas son vítimas, así como a mellora progresiva da súa imaxe social.*

*–A xeneralización de políticas máis activas para a comunidade xitana con obxecto de mellorar efectivamente as súas condicións de vida e garantir a igualdade de oportunidades no seu acceso a bens e servizos públicos.*

*Na consideración de que a Fundación Secretariado Gitano é a encargada de xestionar as actuacións dirixidas á poboación xitana a través dos Programas Operativos Plurirrexionais de Loita contra a Discriminación do Fondo Social Europeo, no que se enmarcan as actuacións obxecto do presente convenio e coa finalidade de aunar esforzos tendentes a posibilitar unha maior inserción social e laboral deste colectivo, o Concello de Vigo a través da concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado pretende formalizar un convenio de colaboración coa Fundación Secretariado Xitano.*

*As circunstancias anteriores nas que se ten en conta a identidade cultural do pobo xitano, así como a misión da FSG encamiñada a promover o acceso das persoas xitanas aos dereitos, servizos, bens e recursos sociais en igualdade de condicións que o resto da cidadanía, desenvolvendo todo tipo de accións que contribúan a alcanzar a plena cidadanía das persoas xitanas, a mellorar as súas condicións de vida, a promover a igualdade de trato e a evitar toda forma de discriminación, así como a promover o recoñecemento da identidade cultural da comunidade xitana, así como a súa implantación no colectivo en Vigo, Galicia e resto do estado, son circunstancias que impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.*

*No expediente constan informes de conformidade dos servizos xurídicos de data 17 de abril de 2015 e intervención no trámite de fiscalización de data 20 de maio de 2015, facendo constar a disponibilidad orzamentaria.*

*Polo anteriormente exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

1º.- Aprobado o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Fundación Secretariado Xitano para o desenvolvemento de accións dirixidas á poboación xitana no marco dos programas de Loita contra a Discriminación.

2º.- Facultar ao concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado para asinar o citado convenio.

3º.- Así as cousas, o concello de Vigo no orzamento para o ano 2015 se contempla a partida 2410 4890002, onde se preve nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da Fundación Secretariado Xitano.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 16.000,00€, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, con cargo á partida orzamentaria 2410 4890002 "Convenio Fundación Secretariado Xitano" de Desenvolvemento Local e Emprego.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Na Casa do Concello de Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dousmil quince

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde Presidente do Ilmo Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, co CIF P-3605700-H, con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo

Doutra, doña Eva Vera Leo con DNI 34267745-E, Directora Territorial de Galicia, da Fundación Secretariado Gitano, CIF nº G83117374 e enderezo social en Antonio Merino 10, Madrid, na representación da mesma, segundo poder acreditado con documento notarial nº de protocolo 875 e data 23 de agosto de 2011.

Ambas partes interveñen en virtude dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades e atribucións que teñen conferidas para poder convenir e obrigarse no nome das institucións e ámbitos que representan.

#### **MANIFESTAN**

A construción dunha Europa moderna, cohesionada e socialmente integrada pasa pola extensión da liberdade, a xustiza, a igualdade e a solidariedade entre todas as persoas, para o que é necesario remexer e eliminar os obstáculos de toda clase que impiden ou limitan aínda o exercicio dos dereitos cidadáns, a plena participación de todos e todas no curso ordinario da vida social e o acceso en igualdade de condicións ais bens e servizos da comunidade.

A nova sociedade baseada no coñecemento, como expresamente se recoñece no documento de Conclusións do Consello Europeo de Lisboa de 23 e 24 de marzo de 2000, ofrece un enorme potencial para reducir a exclusión social, tanto mediante a creación de condicións económicas que redunden nunha maior prosperidade da que non queden marxidados ningún grupo ou comunidade, como promovendo novos xeitos de participación na sociedade.

A sociedade do coñecemento non garante, por si soa, senón que introduce o risco de que se produzan diferencias cada vez maiores entre quen es teñen acceso aos novos coñecementos e



os que, por partir dunha situación de obxectiva desvantaxe, quedan á marxe das novas oportunidades. Para evitar este risco certo e aproveitar ao máximo este novo potencial, débense facerse esforzos para mellorar as cualificacións, promover un acceso amplo aos coñecementos e loitar contra o desemprego.

O emprego é a mellor e máis segura salvagarda contra a exclusión social. En efecto, o emprego e o seu presuposto, a formación, constitúen factores esenciais no proceso de integración e plena participación sociais dos grupos vulnerables ou en risco de exclusión, obxectivo preferente da acción das entidades asinantes deste Convenio, pois esta vía de socialización permite ás persoas facer o que os demais fan e tórnaas socialmente visibles e útiles, estendendo o sentimento de pertenza e de corresponsabilidade no desenvolvemento e progreso da comunidade.

Tanto o Concello de Vigo como a Fundación Secretariado Gitano conveñen na necesidade de establecer unha cooperación tendente a aunar os seus esforzos de cara a posibilitar unha maior inserción social e laboral da comunidade xitana, que conleve a posta en práctica das Directrices do Plan de Acción para o Emprego do Reino de España, así como as do propio Concello de Vigo. As partes coinciden en que a situación das persoas xitanas, con baixos niveis de instrución e altas taxas de desemprego, require a posta en marcha de medidas activas nos campos da formación profesional e o emprego para unha completa incorporación social. Neste sentido, considérase á comunidade xitana como un grupo específico, cun proceso de inserción laboral que require, segundo manifestan os expertos, e dadas as súas peculiaridades e diferencias culturais, un tratamento especializado e integral, que debe ser impulsado de forma positiva cunha política global, de xeito que se superen actuacións parciais ou fragmentadas, así coma o risco da dispersión dos recursos dispoñibles.

I.- Que a Fundación Secretariado Gitano é a encargada de xestionar, por terse subrogado de todas as actividades da Asociación Secretariado General Gitano, as actuacións dirixidas á poboación xitana a través dos Programas Operativos Plurirrexionais de Loita contra a Discriminación do Fondo Social Europeo, no que se enmarcan as actuacións obxecto do presente convenio; e que teñen como obxectivo esencial a inclusión social da poboación xitana dende o punto de vista da formación e o emprego.

II.- Que o Concello de Vigo, en atención a estas consideracións, desexa estreitar lazos, unir esforzos e actuar aunadamente para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo común de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego, acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración

III.- Que nas devandidas actividades a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese social e laboral, como son:

- A cualificación profesional e o acceso de persoas xitanas a profesións e empregos por conta allea, atendendo ás súas demandas de acordo ás ofertas de contratación por parte das empresas.
- Achegamento e adaptación dos servizos xerais de formación profesional e emprego aos xitanos e xitanas desempregados, para que podan acceder a estes como resto dos cidadáns.
- A sensibilización sobre os prexuízos e prácticas discriminatorias das que as persoas xitanas son vítimas, así como a mellora progresiva da súa imaxe solcial.
- A xeneralización de políticas máis activas para a comunidade xitana con obxecto de mellorar efectivamente as súas condicións de vida e garantir a igualdade de oportunidades no seu acceso a bens e servizos públicos..

Así as cousas, o concello de Vigo no orzamento para o ano 2015 contempla a partida 2410 4890002, onde se prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da Fundación Secretariado Xitano.

Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais da administración concedente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, que ten por obxecto a realización das actividades que se describen no parágrafo I do apartado dos Pactos.

V.- Que a Fundación Secretariado Gitano non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente 11748 /77.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e laboral que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Fundación Secretariado Gitano, o Concello de Vigo e a dita fundación conveñen a súa colaboración no ámbito socio-laboral e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

## PACTOS

Primeiro.- A Fundación Secretariado Gitano comprométese a colaborar coa Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo en canto á mellora da capacidade de integración e incorporación da comunidade xitana no mercado de traballo e o emprego e o impulso de políticas sociais máis activas coa mesma; e concretamente, a desenvolver na cidade de Vigo as seguintes actuacións:

1º.- En canto ao eixo socio-laboral:

- Mobilización das persoas para mellorar a súa empregabilidade mediante unha adecuada acollida, diagnóstico e xestión dos itinerarios individuais.
- Desenvolvemento de destrezas básicas, de habilidades sociais e de competencias laborais
- Orientación laboral, deseño de itinerarios individuais de inserción e seguimento do itinerario.

2º.-En canto ao eixo formativo:

- Desenvolvemento de accións formativas adaptadas aos niveis educativos previos e aos intereses e expectativas da poboación xitana.
- Xestión do acceso aos recursos de formación ocupacional e creación de novos escenarios adaptados de formación-emprego.
- Accións específicas de formación para o emprego arredor dos nichos de mercado actualmente existentes e dos núcleos de competencias profesionais cos que a poboación xitana de Vigo está familiarizada: Preparación de probas libres ESO; Competencias clave; Aprender traballando sector hostelería; Manipulador de elaborados de conserva; Prevención riscos laborais no sector naval; Xestións administrativas telemáticas; Competencias clave; Camareira de pisos maiores 30 anos.

3º.-En canto ao eixo do emprego:

- Prospección, acompañamento e seguimento no emprego.
- Identificación e achegamento entre ofertas e demandas.
- Intermediación co tecido económico-empresarial.
- Convenios con empresas e outros axentes sociais.
- Prácticas formativas no ámbito da empresa.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Unir esforzos e actuar aunadamente coa Fundación Secretariado Gitano para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego.

2º.- Conceder directamente á Fundación Secretariado Gitano, unha subvención por importe de 16.000,00 euros (DEZASEIS MIL EUROS), con cargo á partida 2410 4890002, do vixente orzamento, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades que no parágrafo I do apartado de Pactos se describen.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A Fundación Secretariado Gitano deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- En base aos artigos 42 e ss. do RD 887/2006 de Regulamento da LXS, poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da Fundación, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A Fundación Secretariado Gitano non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A Fundación Secretariado Gitano debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a identificación dos proxectos que se levarán a cabo, de xeito que a identidade corporativa dos asinantes se respecte en todo momento e o carácter público da iniciativa sexa coñecido por parte das persoas usuarias da mesma

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia. (Cando a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas beneficiarias, éstas poderán exercer o seu dereito a que tales datos non se fagan públicos).

Noveno.- Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario.

A Fundación Secretariado Gitano, no prazo de 1 mes a contar desde o remate da actividade subvencionada 31 de outubro de 2015, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu coste total foi de 209.327,75 €.

A tal efecto deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

–Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio en formato papel e electrónico, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.

- A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do Servizo de Emprego que forme parte da Comisión de Seguimento, e o funcionario que se acorde como responsable do seguimento deste convenio será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará a cada Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados. As contas xustificativas que conterán con carácter xeral, a seguinte documentación:
  - Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:
    - Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
    - Datas e lugar de celebración.
    - Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
    - Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
    - Actuacións realizadas.
    - Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
  - Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- *Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.*
- *Facturas orixinais polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:*
  - *Número e no seu caso serie.*
  - *Nome e apelidos ou denominación fiscal.*
  - *Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)*
  - *Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)*
  - *Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.*
  - *Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base impositiva e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.*
  - *Lugar e data de emisión.*
  - *Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.*

*Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbase o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.*

*Se a Fundación solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar o corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ata o 31 de outubro de 2015.*

*Décimo segundo.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego. O xefe do servizo de Emprego e Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- A Fundación deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo sexto.- A Fundación está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.*

*Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, ás normas de dereito privado.*

*Décimo oitavo.- Co obxecto de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, crearase unha Comisión de Seguimento que desenvolverá as funcións que ao respecto sexan necesarias e, entre outras, as seguintes:*

- A elaboración de propostas que conduzan á consecución dos obxectivos do Convenio.*
- A determinación dos obxectivos do plan anual de traballo.*
- A supervisión dos informes de seguimento e avaliación, así como seguimento do seu desenvolvemento.*
- Cantas accións sexan precisas para impulsar os obxectivos previstos.*
- Participar nas reunións que teñan lugar a nivel autonómico.*

*A tal fin, dita Comisión de Seguimento está integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida por un representante do Concello de Vigo e actuando como secretario/a o outro representante do mesmo, e tendo que reunirse, cando menos, dúas veces*

ao ano. Os/as representantes do Concello de Vigo serán nomeados polo Alcalde, a proposta do Concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e voluntariado.

A Comisión de Seguimento poderá decidir a creación de grupos de traballo para o desenvolvemento da súa actividade naquelas materias que así o requiran.

Á súa vez os membros desta Comisión de Seguimento participarán nas reunións que se organicen na Comunidade Autónoma, nas cales estarán presentes o resto de entidades que participan no proxecto no ámbito autonómico.

Décimo novena.- A este Convenio poderán adherirse e cooperar no seu desenvolvemento, as organizacións públicas e privadas (empresas, fundacións, medios de comunicación, ...), así como asociacións que interveñen coa comunidade xitana que se atopen en condicións de cooperar ao maior e máis eficaz desenvolvemento destas iniciativas.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a de \_\_\_\_\_ de 2015

**21(728).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E PROSPECCIÓN DE EMPREGO. EXPTE. 11888/77.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 9.06.15, conformado polo secretario de Admón. Municipal e o concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do 23 de xaneiro de 2015 a proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, acordou:

1.- Aprobar a memoria, de carácter plurianual, das accións de información, orientación e prospección de emprego previstas a realizar nun período de 12 meses que abarcará o ano 2015 e o ano 2016.

2.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a subvención total de 80.000,00 € para financiar a contratación de catro técnicos/ás de orientación laboral nun período de 12 meses de acordo co establecido na Orde do 23/12/2014, sendo precisa unha achega municipal ao proxecto de 114.364,08€ para a contratación dos/as 4 técnicos/as de orientación laboral.

3.- Asumir as obrigas económicas que ao concello lle corresponda no desenvolvemento do proxecto, con cargo ás partidas orzamentarias 2410 1200100 "Retrib. Básicas A2 (P.Emprego)"; 2410 1210001 "Complem. Destino A2 (P. Emprego)"; 2410 1210101 "Complem. Específico A2 (P. Emprego)" e 2410 1600000 "Seguridade Social Emprego" dos presupostos municipais dos anos 2015 e 2016 para o cofinanciamento deste proxecto.

CUSTES TOTAIS	Mensual			Anual				
	Salario bruto	Seg. Social	Custo total	Salario (14 pa-	Seg.- So-cial	Custo total	Subven-ción Xun-	Aportación municipal

		empresa		gas)	empresa		ta máx. (*)	
4 Titulado/a medio/a (Orientador/a laboral)	12373,57	3823,43	16197,01	148482,88	45881,22	194364,08	80.000,00	114.364,08

(\*) Orde do 23 de decembro de 2014 no artigo 4.1: "A contía máxima da subvención que se concederá será de 20.000 euros por cada persoa técnica de información, orientación e prospección de emprego contratada a tempo completo durante un período de 12 meses, tomando como referencia os custos de contratación totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social."

3.- Facultar a Santos Héctor Rodríguez Díaz, Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, para a sinatura da documentación necesaria para a presentación da solicitude ante a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

Con data do 2 de xuño de 2015 recíbese a notificación da concesión da subvención para a realización de accións de información, orientación e prospección de emprego, por resolución da Directora Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión das subvencions para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego co número de expediente TR331A/2015-0103, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de 80.000,00€ para a posta en marcha das ditas accións.

Polo anteriormente exposto PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Aceptar a subvención concedida na resolución de 19 de maio de 2015, da Directora Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión das subvencions para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego, co expediente TR331A/2015-0103, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de 80.000,00€ (inclúe a contratación de 4 técnicos de orientación, por un período de 12 meses) para a posta en marcha do programa de Información, Orientación e Prospección de Emprego.

2.- Encomendar ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a xestión do programa de Información, Orientación e Prospección de Emprego, conforme ao establecido na orde de 23 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión das subvencions para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego e proceda ao axuste do programa ao presuposto aprobado.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**22(729).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA A REALIZACIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO “VIGO CAPACITA II”. EXPTE. 11898/77.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 9.06.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do 06 de febreiro de 2015 a proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, acordou:

- 1. Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego Vigo Capacita II”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.*
- 2. Solicitar á Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na “RDE do 30 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para 2015”.*
- 3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podían corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2015 e 2016, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.*
- 4. Delegar no Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego “Vigo Capacita II”.*

Con data do 05 de xuño de 2015 recíbese a notificación da concesión da subvención para a realización do proxectode Obradoiro de Emprego denominado “VIGO CAPACITA II” por resolución da Xefa Territorial en Vigo (D<sup>a</sup> María Peón fernández) da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (DOG núm. 7, do 13 de xaneiro de 2015) co número de expediente 36/00017/2015, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe global de 204.880,55€ para a posta en marcha das ditas accións.

Da cantidade global de concesión da subvención (204.880,55€), 94.281,60€ corresponden á subvención para gastos de formación e funcionamento e 110.598,95€ para gastos salariais do alumnado-traballador participante no obradoiro.

Polo anteriormente exposto PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, coa conformidade do Secretario Municipal e non sendo necesaria a fiscalización previa do expediente, a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aceptar a subvención concedida na resolución de 27 de maio de 2015, da xefa territorial de Emprego e Formación da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas*

*mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (DOG núm. 7, do 13 de xaneiro de 2015), co expediente 36/00017/2015, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe global de 204.880,55€, que inclúe a contratación dun equipo técnico e docente de 5 persoas e de 23 alumnos/as-traballadores/as, dos que 12 corresponden á especialidade de Operacións Básicas de Cociña e 11 ás de restaurante-Bar; así como para gastos de formación e funcionamento) para a posta en marcha do proxecto de obradoiro de emprego "VIGO CAPACITA II".*

*2.- Encomendar ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a xestión do proxecto de obradoiro de emprego "VIGO CAPACITA II", conforme ao establecido na orde de 30 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (DOG núm. 7, do 13 de xaneiro de 2015).*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(730).- PROMOCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DO PROXECTO EMPRESARIAL "TUMERCADO LOCAL" PARA A SÚA PRESENTACIÓN AO PROGRAMA DE INICIATIVAS LOCAIS DE EMPREGO (ILES) DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR. EXPTE. 11906/77.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 12.06.15, conformado polo concelleiro de emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

*Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 12.06.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado*

*A Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia dispón dun programa denominado "Iniciativas Locais de Emprego" (ILES), regulado polo Decreto 9/2000, de 12 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galicia de 27 de xaneiro; corrección de erros no DOG nº 24 de 4 de febreiro de 2000, que financia iniciativas innovadoras con efecto dinamizador de actividade económica e de emprego.*

*O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que é susceptible de entrar no programa de ILES, o proxecto empresarial de plataforma de vendas e loxística de todo tipo de produtos e servizos "tuMercadoLocal", con enderezo en Vigo, promovido e presentado por Don Conrado Lorenzo Cao en calidade de representante, por acadar as seguintes características:*

- *O proxecto empresarial "tuMercadoLocal" é innovador na área de Vigo, e consiste nunha plataforma que presta servizo de vendas e loxística en diversas modalidades:*
  - *Zona Tenda: ofrecése un espazo estándar de vendas na web a unha tenda xa existente, reparto 72 h.*
  - *Zona Tenda Bucle Activo: xeneráse unha zona de vendas con control horario de entrada e pedidos, de modo que si se solicita pedido dentro do horario establecido, fírase reparto inmediato da compra (0 horas combinado con 72 h).*

- *Axente de Zona: engloba diversas tendas físicas da localidade e axuda a través da plataforma a comunidade, a vender os produtos propios da terra. Especial para artesanía e manufacturados, pero o deseño da plataforma vai permitir especializar a estos axentes en numerosas áreas.*
  - *Axente de Zona Bucle Activo: fará seguimento de varios negocios e dentro dun horario marcado na web, realizará a loxística combinada con todos eles ó momento (0-72 horas).*
  - *A súa vez, a plataforma ofertará servizos internos para axudar aos clientes na optimización da imaxen de está.*
- *A empresa adoptará a forma xurídica de autónomo .*

*“tuMercadoLocal” é unha iniciativa empresarial innovadora, plataforma que ofrece os espazos para exposición das ofertas por parte de distintos tipos de vendedores ou profesionais de diversas áreas. Para o cliente é un espazo sinxelo con geolocalización que lle permitirá comprar en todo mundo, pero especialmente útil para potenciar vendas locais na categoría Bucle Activo dentro do sistema.*

*A empresa precisa dun investimento inicial de 10.000 €, sendo a financiación recursos propios do socio 10.000, polo tanto, sen financiación allea.*

*O proxecto cumpre os requisitos establecidos na regulación de ILEs, en canto aos aspectos de ser viable técnica, económica e financeiramente, ademais de ser un proxecto xerador de emprego estable.*

*Achégase o plan de empresa do proxecto que é a súa carta de presentación que permite reflexionar sobre cada un dos pequenos detalles da posta en marcha do negocio e a súa xestión para vela viabilidade real do negocio e saber actuar para obter os obxectivos plantexados.*

*Tras analizarlo proxecto empresarial coa persoa emprendedora, a xefatura de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que a iniciativa empresarial descrita cumpre os requisitos previstos no programa ILEs da Consellería de Traballo e que, polo tanto, pode ser beneficiaria das citadas axudas e subvencións.*

*Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “ [tuMercadoLocal](#) ” promovida por [Don Conrado Lorenzo Cao](#), sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:*

- *Apoio polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, na procura de información e asesoramento sobre as axudas municipais vixentes e elaboración ou estudo dun informe económico de viabilidade do proxecto.*
- *Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.*
- *Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.*
- *Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte.(ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)*

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(731).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE OS MESES DE ABRIL E MAIO DE 2015. EXPTE. 1953/334.**

Mediante providencia de data 9.06.15, en cumprimento co establecido na base 31<sup>a</sup> das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, a concelleira de Normalización Lingüística dá conta dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor nos meses de abril e maio de 2015, que son os seguintes:

<i>Expediente</i>	<i>1917-334. Proxecto APEGO, actuación para fomentar o uso do galego</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 9 de abril de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 23459</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>ERA comunicación</i>
<i>Importe</i>	<i>13.261,20 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1922-334. Obradoiros de escritura creativa</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 10 de abril de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 23876</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Clara Isabel Rodríguez Giráldez</i>
<i>Importe</i>	<i>1.976,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1931-334. Proxecto de dinamización lingüística "Bibliotecas viventes"</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 13 de abril de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 24225</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Antaxurada (nome comercial: Xandobela)</i>
<i>Importe</i>	<i>10.161,80 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1932-334. Estamos no verán!!! é un proxecto de dinamizador da lingua galega que une narración con diferentes estilos musicais</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 14 de abril de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 24423</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Juan Alfonso Curiel Ares</i>
<i>Importe</i>	<i>3.800,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1941-334. Programa de dinamización da lingua galega No verán... un conto</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 14 de maio de 2015</i>

Informe Intervención	RC 32056
Adjudicatario	Varias empresas
Importe	12.000,00 euros

Expediente	1943-334. Subministro de 600 exemplares do Espantallo amigo de Xosé Neira Vilas
Decreto concelleira	data 21 de maio de 2015
Informe Intervención	RC 33232
Adjudicatario	Editorial Galaxia
Importe	2.999,94 euros

Expediente	1946-334. Contratación dunha prestación de servizo a favor de Andreia Aballe Riobó para levar a cabo as accións precisas cara a promover e publicitar polos centros de saúde, xestionar a inscrición das persoas que se acheguen a este programa, e desenvolver outras accións destinadas a promocionar o programa "APEGO"
Decreto concelleira	data 29 de maio de 2015
Informe Intervención	RC 36288
Adjudicatario	Andreia Aballe Riobó
Importe	1.500 euros

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**25(732).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DO 21.05.15 POLA QUE SE DELEGA NA CONCELLEIRA DE PATRIMONIO A EXECUCIÓN FORZOSA DO ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL DO 31.10.14 PARA A RECUPERACIÓN DE OFICIO DE POSESIÓN MUNICIPAL (PROPIEDAD 393 DO IMBD). EXPTE. 19702/240.**

Dáse conta da referida Resolución de Alcaldía, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, en sesión do 31 de outubro de 2014 acordou recuperar de oficio a posesión municipal da zona de uso público, nunha superficie aproximada de 200 m2, pechada con valado metálico e ocupada por un tobogán acuático con piscina no Paseo da Praia de Samil (nº Propiedade 393 do IMBD).*

*A lei 7/85 Reguladora das Bases de Reximen Local atribue ós municipios a potestade de execución forzosa dos seus actos administrativos (art. 4.1.f), correspondendo a esta Alcaldía-Presidencia a execución dos acordos adoptados polos órganos do Concello (art. 124.4.f)*

*Tendo en conta que a Concellería de Patrimonio xa ten delegada a xestión, protección e reivindicación do patrimonio municipal, e a fin de dar cumprimento ao acordado pola Xunta de Go-*

berno procede, de conformidade co previsto no art. 124.5 da Lei 7/85 BRL e art. 43 e ss do R. D. 2568/1986 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Reximen Xurídico das Corporacións Locais, adoptar a seguinte

#### RESOLUCIÓN

1º.- Delegar na Concelleira de Patrimonio a execución forzosa do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 31 de outubro do 2014 para a recuperación de oficio da posesión municipal da zona de uso público pechada con valado metálico e ocupada por un tobogán acuático con piscina no Paseo da Praia de Samil (nº Propiedade 393 do IMBD).

2º.- Esta delegación terá efectos a partir do día seguinte a data da súa sinatura, sen prexuício da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

3º.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno Municipal na primeira sesión que se realice, así como á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

4º.- Notificar a presente Resolución á Concelleira de Patrimonio, Xefatura de Área, e Xefatura de Servizo de Patrimonio.

5º.- Ordear a súa publicación na rede Intranet ó obxecto de coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

#### **26(733).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS, CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL-2015. EXPTE. 26637/220.**

Visto o informe de fiscalización do 1.06.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 19.05.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Con data 04/05/2015, o xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo co visto e praxe da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Xuventude, remite relación do persoal que deberá percibir gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual correspondente ao mes de Abril 2015, así como as datas de realización de dito exceso.*

*A instrucción cuarta, apartado f) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, establece os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizada fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuiranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079'70 €, cantidade modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2013, tendo en conta o exceso real de xornada anual realizada por dito persoal que supera as 471 horas.*

*Dito acordo basease na actualización do Acordo Plenario de data 14/1/2003 no que se acorda a*

*inclusión na Instrucción 4º de Plantilla da “actividade extraordinaria e especial dedicación do persoal administrativo que presta servizos na oficina administrativa de Cemiterios resultante do exceso estrutural de 236 horas anuais realizadas, fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuirase con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 3.450 euros. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada”*

*Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada.*

*O persoal relacionado no expediente atópase adscrito, como non podería ser doutro xeito, ao negociado de cemiterios.*

*Compróbase por parte deste Servizo de Recursos Humanos que o persoal referenciado non tivo baixas por I.T. no período obxecto de aboamento.*

*A xustificación do aboamento , en concepto de gratificacións, ten orixe no exceso de xornada anual realizado polo persoal administrativo do Servizo de Cemiterios pola atención que prestan tódolos sábados, domingos e festivos do ano na atención do Xulgado de Guardia, na expedición das autorizacións xudiciais de inhumacións, etc*

*No escrito do negociado de cemiterios de data 04/05/2015 figura relación das datas e horario de realización do exceso de xornada en sábados, domingos e festivos do mes de marzo de 2015, na que figura Nº de Persoal, nome, data e horario de realización do exceso de xornada.*

*As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sin que, en ningún caso , poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo , nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.*

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 6 -en canto aos servizos extraordinarios- que éste está destinado a retribuir os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO*

2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1510000-“Gratificacións”, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo ao persoal administrativo do Servizo de Cemiterios que figura no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, correspondente ao mes de abril de 2015, segundo o recollido na Instrucción Cuarta apartado f) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- “Gratificacións”, por importe total de 1.105,40 €

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### Anexo

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
13570	Hermida Rodríguez, Jose Luis	552,70.- euros
13758	Rosende Ríos, Gumersindo Manuel	552,70.- euros
	IMPORTE TOTAL.....	1.105.40.- euros

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**27(734).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO-2015. EXPTE. 26718/220.**

Visto o informe de fiscalización do 9.06.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 5.06.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Con data 02/06/2015, o xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo co visto e prace da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Xuventude, remite relación do persoal que deberá percibir gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual correspondente ao mes de Maio 2015, así como as datas de realización de dito exceso.*

*A instrucción cuarta, apartado f) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, establece os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizada fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuiranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079'70 €, cantidade modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2013, tendo en conta o exceso real de xornada anual realizada por dito persoal que supera as 471 horas.*

*Dito acordo basease na actualización do Acordo Plenario de data 14/1/2003 no que se acorda a inclusión na Instrucción 4º de Plantilla da "actividade extraordinaria e especial dedicación do persoal administrativo que presta servizos na oficina administrativa de Cemiterios resultante do exceso estrutural de 236 horas anuais realizadas, fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuirase con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 3.450 euros. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada".*

*Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada.*

*O persoal relacionado no expediente atópase adscrito, como non podería ser doutro xeito, ao negociado de cemiterios.*

*Compróbase por parte deste Servizo de Recursos Humanos que o persoal referenciado non tivo baixas por I.T. no período obxecto de aboamento.*

*A xustificación do aboamento, en concepto de gratificacións, ten orixe no exceso de xornada anual realizado polo persoal administrativo do Servizo de Cemiterios pola atención que prestan tódolos sábados, domingos e festivos do ano na atención do Xulgado de Guardia, na expedición das autorizacións xudiciais de inhumacións, etc*

*No escrito do negociado de cemiterios de data 02/06/2015 figura relación das datas e horario de realización do exceso de xornada en sábados, domingos e festivos do mes de MAIO de 2015, na que figura Nº de Persoal, nome, data e horario de realización do exceso de xornada.*

*As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se*

dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sin que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 6 -en canto aos servizos extraordinarios- que éste está destinado a retribuir os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1510000-“Gratificacións”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo ao persoal administrativo do Servizo de Cemiterios que figura no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, correspondente ao mes de MAIO de 2015, segundo o recollido na Instrucción Cuarta apartado f) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- “Gratificacións”, por importe total de 1.105,40 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes

sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Anexo

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
13570	Hermida Rodríguez, Jose Luis	552,70.- euros
13758	Rosende Ríos, Gumersindo Manuel	552,70.- euros
	IMPORTE TOTAL.....	1.105.40.- euros

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **28(735).- COMPLEMENTO PRODUTIVIDADE PERSOAL POLICÍA LOCAL. EXPTE. 26566/220.**

Visto o informe de fiscalización do 13.05.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 2.06.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Examinadas as observacions efectuadas pola Intervención Xeral no seu informe de data 13/05/2015 ao expediente 26566-220 e solicitado ampliación de informe ao servizo da Policía Local referentes as mesmas en canto a criterios aplicables para o establecemento das produtividades e avaliación porcentual para o cálculo, a posibilidade de que os empregados propostos atoparanse nalgunha situación de baixa por I.T. , permiso, vacacións ou outras , incompatibles coa adicación especial que se esta a retribuir , en data 28/05/2015 remítese a este servizo de Recursos Huamnno o seguinte informe, asinado polo Intendente Xefe da Policía Local e polo Concelleiro Delegado de Mobilidade e Seguridade:*

*“1.-O criterio que se aplicou para establecer as bolsas de produtividade por categorías foron os cálculos extraídos dos acordos históricos cos representantes sindicais, utilizados en situacións similares, valga por todos outubro de 2012 e outubro de 2013 y posteriores.*

*2.- En canto a avaliación porcentual para o cálculo obxectivo a aboar, os criterios tidos en conta foron a individual participación na consecución dos obxetivos deseñados, valorándose tamén o grado de responsabilidade e línea xerárquica.*

*3.- A eventualidade de que os funcionarios estiveran nalgunha situación administrativa de baixa, vacacións o calquer outra incompatible con esa dedicación especial, faise constar que nos casos en que así aconteceu, ditas situacións tiveron o adecuado axuste na porcentaxe de*

participación individual na consecución dos obxetivos.”

Deste senso, procedese a corrección da proposta de Acordo, no seu punto primeiro, indicando que a proposta de outorgamento do complemento retributivo de produtividade ao persoal relacionado, pola especial adicación, rendemento e interese acreditados realizase tendo en conta os criterios de aplicación e avaliación porcentual de participación individual na consecución dos obxetivos e segundo as situacións de baixas por I.T., vacacións e outros permisos, así como o grao de responsabilidade e liña xerarquica, propostos no informe da Xefatura do Corpo de data 23/03/2015 e aprobados pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 26/03/2015.

En consecuencia, vistas as competencias que en canto á xestión económica do persoal municipal e á aprobación das retribucións do mesmo atribúe o artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, á Xunta de Goberno Local, sométese á súa consideración, se procede e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Estimar as reclamacións realizadas por D. Francisco Rodríguez Troncoso (Doc nº 150038387), D Emilio Rello Martínez ( Doc 150038830 ,D Jesus Iglesias Lorenzo (Doc 150038915), D Juan Manuel Perez Rodriguez (Doc 150038958), D Jose Igor Souto Lopez (Doc 150039008),D Alfonso Comesaña Cabezas (Doc 150040398), D Siro Garcia Lopez (Doc 150040402) , D Jose Estevez Seoane (Doc 150041037) e D Manuel Sanchez Sanchez (Doc 150041685) e Acordar o outorgamento dun complemento retributivo de produtividade ao persoal que de seguido se relaciona, pola especial adicación, rendemento e interese acreditados segundo criterios de aplicación e avaliación porcentual de participación individual na consecución dos obxetivos tendo en conta as situacións administrativas de baixas por I.T., vacacións e outros permisos, así como o grao de responsabilidade e liña xerarquica, propostos no informe da Xefatura do Corpo de data 23/03/2015 e aprobados pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 26/03/2015 (Expte 43635-212), nos termos das vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos, e consecuentemente dispoñer o aboamento do importe de 10.527,28 €, segundo os criterios, outorgamento que realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- “Productividade”.

NOME	POSTO	SERVIZO	IMPORTE
RODRIGUEZ TRONCOSO, FRANCISCO	POLICIA	POLICIA LOCAL	1.460,55 €
RELLO MARTINEZ, EMILIO	POLICIA	POLICIA LOCAL	417,30 €
IGLESIAS LORENZO JESUS	POLICIA	POLICIA LOCAL	1.460,55 €
COMESAÑA CABEZAS, ALFONSO	POLICIA	POLICIA LOCAL	417,30 €
GARCIA LOPEZ, SIRO	POLICIA	POLICIA LOCAL	1.460,55 €
ESTEVEZ SEOANE, JOSE	POLICIA	POLICIA LOCAL	834,60 €
PEREZ RODRIGUEZ, JUAN MANUEL	POLICIA	POLICIA LOCAL	1.460,55 €
SANCHEZ SANCHEZ MANUEL	OFICIAL POLICIA LOCAL	POLICIA LOCAL	1.555,33 €
SOUTO LOPEZ, JOSE IGOR	POLICIA	POLICIA LOCAL	1.460,55 €
			10.527,28 €

**TERCEIRO.-** Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes

sindicais.

CUARTO.- Notificar o presente acordo á Xefatura do Corpo da Policía Local, Concellerías-delegadas das Áreas correspondentes, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas) e Comité de Persoal do Concello aos efectos oportunos”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **29(736).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DOPERSOALDOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE DECEMBRO-2014 E ABRIL-2015. EXPTE. 26642/220.**

Visto o informe de fiscalización do 9.06.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 2.06.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Segundo se establece no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.*

*No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.*

*Recíbense no Servizo de Recursos Humanos os documentos que a continuación se relacionan, nos que as xefaturas dos distintos servizos, co conforme do concelleiro/a delegado/a da área correspondente, relacionan o persoal que realizou exceso de xornada nos meses de Decembro-2014 e Abril-2015 (Alcaldía (Condutores), Extinción de Incendios, Policía Local, Inspección Vías e Obras, Ospio, Vías e Obras, Parque Central, Museo, Parque Móbil, Limpeza, Montes, Parques e Xardíns).*

Nº	MES	Nº HO-	EXPT.
----	-----	--------	-------

DOCUMENTO	SERVIZO		RAS	AUTORIZACION
150052322	Alcaldía (Condutores)	Abril-2015	185'00	
150052409	Extinción de Incendios	Abril-2015	763'00	
150054522	Policía Local	Abril-2015	632'00	
150003102	Inspección Vías e Obras	Decembro-2014	62'00	25635/220
150055825	Ospio	Decembro-2014	60'00	25648/220
150050840	Vías e Obras	Decembro-2014	145'00	25654/220
150052185		Decembro-2014	45'00	
150052252		Decembro-2014	26'00	
150052192	Parque Central	Decembro-2014	48'00	25709/220
150053221	Museo	Decembro-2014	12'00	942/341
150052201	Parque Móbil	Decembro-2014	40'00	25676/220
150055121	Limpeza	Decembro-2014	7'00	25636/220
150055180		Decembro-2014	26'00	
150049365	Montes, Parques e Xardíns	Novembro-2015	18'50	
150052999		Decembro-2015	24'50	

Nos documentos remitidos indícase nome, número de persoal, servizo ao que esta adscrito o empregado municipal, data de realización do exceso de xornada, intervalo horario, lugar e motivo e número de horas en exceso realizadas. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas.

Así mesmo, todo o exceso de xornada remitido, conta coa resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal de autorización de realización das mesmas.

Nas devanditas Resolucións, no seu punto II, se indica que:

“Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, estas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación”

Nas relacións correspondentes ao Servizo da Policía Local e Servizo de Extinción de Incendios, polas súas especiais características, non se esixe a autorización previa. No caso do Servizo da Policía Local, amais do exceso de xornada realizado remítense os listados correspondentes a asistencia a xulgados do persoal do servizo.

Inclúense no expediente relacións cuantificadas das horas de asistencia a xulgado, prolongación de xornada laboral e, nocturnidade e festividade por cuadrante, figurando as datas, motivo e nº de horas do exceso de xornada realizado persoal do Servizo da Policía Local.

Nas relacións do persoal que forman parte do expediente 26558-220 e que se corresponden cos

Documento 150052322 (Alcaldía (Conductores)), Doc 150052409 (Extinción de Incendios), Doc 150054522 (Policía Local ) Doc 150003102 (Inspección Vías e Obras), Doc 150055825 (Ospio), Docs 150050840, 150052185, 150052252 (Vías e Obras), Doc 150052192 (Parque Central), Doc 150053221 (Museo) , Doc 150052201 (Parque Móbil), Docs 150055121 e 150055180 (Limpeza) Docs 150049365 e 150052999 (Montes, Parques e Xardíns), figuran o servizo ao que están adscritos os empregados municipais, nome e apelido, número de persoal, posto, data, intervalo horario, lugar e motivo do exceso de xornada.

Pola Tesourería Municipal liquidáronse as cantidades que corresponden e que ascenden a un total de 20,846'28 €, con arreglo o previsto na disposición transitoria 6ª.3ª do Acordo regulador e as directrices contidas no antecedente da presente resolución, para a súa posterior inclusión na nómina de cada un dos interesados.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de diciembre e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO :

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIONES, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal que figura nas relacións que forman parte do expediente, asinadas polos respectivos xefes e servizo e conformadas polos concelleiros-delegados das Áreas correspondentes, dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS	APELLIDOS E NOMEs
Alcaldía (Conductores)	Abril-2015	185'00	De Vázquez Martínez, Manuel a Fontán Balbuena, Camilo
Extinción de Incendios	Abril-2015	763'00	De Aguirre Rodriguez, Manuel a Vega García, Ruben
Policía Local	Abril-2015	632'00	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo
Inspección Vías e Obras	Decembro-2014	62'00	De Barciela Siumeon, benito a Villar Estevez, Raimundo
Ospio	Decembro-2014	60'00	De Ferro Mancho, Angel a Vaz- quez Rial , Ramon
Vías e Obras	Decembro-2014	216'00	De Bastos Roman, Jesús a Ro- driguez Leston, Bernardo
Parque Central	Decembro-2014	48'00	De Comesaña Davila, Jose a Troncoso Martinez, Avelino
Museo	Decembro-2014	12'00	Vazquez Martinez, Ramon
Parque Móbil	Decembro-2014	40'00	De Gil Gonzalez, Antonio a Ro- mero Cobaws, Jose Luis

SERVIZO	MES	Nº HORAS	APELLIDOS E NOMES
Limpeza	Decembro-2014	33	De Garrido Marcos; Jose Manuel a Quintas Perez Manuel
Montes, Parques e Xardíns	Novembro-2015 Decembro-2015	43'40	De Conde Rodriguez, Alfonso a Sanchez Vicente, Gerardo

O montante do presente expediente ascende a un total de 20,846'28 €".

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **30(737).- AXUDAS ESPECIAIS DO FONDO SOCIAL (FAS), XUÑO-2015. EXPTE. 26693/220.**

Visto o informe de fiscalización do 9.06.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 3.06.15, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Con data 01/06/2015, a Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, remitiu a este Servizo de Recursos Humanos acordo adoptado pola mesma en sesión do 28/05/2015, relativo á concesión de axudas especiais aos seguintes empregados municipais tal como se reflicte en dita acta por un importe de 1.400,00 € :

APELIDOS E NOME	DNI	Nº Per-soal	Euros
CALVAR RIOS, MOISES	36142373-N	79383	69,00 €
EXPOSITO OLALLA, LIDIA	36112727	21634	581,00 €
FERNANDEZ IGUESIAS, JOSE RAMÓN	36033599-M	14338	538,00 €
RODRIGUEZ SANCHEZ, JOSE	34265698-E	79105	212,00 €
TOTAL			1.400,00 €

e denegar a solicitada por D. Jesús M. Garrido Marcos, por ser unha axuda socio-sanitaria.

### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

I.- Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015.

II.- Artigos 29, 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.

III.- Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Vigo para o exercicio económico 2015 -prorrogado-.



IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Imputación do gasto: clasificación económica 22101620400-Fondo Social dos orzamentos municipais (prorrogado) para o ano 2015.

V.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS), que se incorpora ao presente expediente, establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:

1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social, achégase certificación da Xunta de Goberno Local de data 16/04/2013, de aprobación de ditas bases rectoras.

2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.

3.- Recepción, estudo e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.

4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

5.- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.

6.- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.

7.- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.

8.- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.

VI.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 28/05/2015 que teñen carácter de mellora da prestación da seguridade social, por un importe total de 1.400,00 € (MIL CUATROCIENTOS EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica:

APELIDOS E NOME	DNI	Nº Per-soal	Euros
CALVAR RIOS, MOISES	36142373-N	79383	69,00 €
EXPOSITO OLALLA, LIDIA	36112727	21634	581,00 €
FERNANDEZ IGUESIAS, JOSE RAMÓN	36033599-M	14338	538,00 €
RODRIGUEZ SANCHEZ, JOSE	34265698-E	79105	212,00 €
TOTAL			1.400,00 €

Segundo.- Denegar a solicitude de D. Jesús M. Garrido Marcos por ser unha axuda socio-sanitaria.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **31(738).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL:**

A) REDUCIÓN DE XORNADA DO 50% COA CORRESPONDENTE REDUCIÓN DE RETRIBUCIÓNS DE DONA AURORA MURILLO DÍAZ, CON EFECTOS DE 01.06.2015. EXPTE. 26615/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 26.05.15, que di o seguinte:

A medio de escrito de data 08/05/2015 (doc. nº 150055610), D<sup>a</sup>. Aurora Murillo Díaz, con DNI nº 36.122.133-N e nº persoal 79789, diplomada en traballo social interina, adscrita ao Servizo de Benestar Social, solicita se lle conceda unha redución de xornada do 50% por motivos de conciliación familiar, coa correspondente diminución proporcional do seu salario, dende o 1 de xuño de 2015.

O Art. 48.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o coidado directo dalgún menor de doce anos, de persoa maior que requira especial dedicación, ou dunha persoa con discapacidade que non desenvolva actividade retribuída, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións que corresponda.

Con data 22/05/2015 pola xefatura do Servizo Benestar Social, co conforme da concelleira-delegada de Políticas de Benestar remítese informe que se incorpora ao expediente.

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostenta o Sr. concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 8 de febreiro de 2013, sométese a súa consideración, a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Único.- Autorizar a D<sup>a</sup>. Aurora Murillo Díaz, con DNI nº 36.122.133-N e nº persoal 79789, diplomada en traballo social interina, adscrita ao Servizo de Benestar Social unha redución de xornada do 50% coa correspondente redución de retribucións de conformidade co previsto no art. 48.h) da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público de 12 de abril, que se iniciará o día 1 de xuño de 2015.

A presente resolución notifíquese a interesada, Xefatura da Área de Benestar Social, Concelleira-Delegada de Políticas de Benestar, Intervención Xeral, Recursos Humanos (técnico de organización e planificación de RR.HH, Inspector Auxiliar de Persoal e Negociado de Seguridade Social) e dese conta á Xunta de Goberno Local.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Con data 28.05.15, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

B) REINGRESO AO SERVIZO ACTIVO DE DONA PEPA CALVET MICAS, CON EFECTOS DE DATA 10.06.2015. EXPTE. 26663/220.

Dáse conta do informe xurídico-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 22.05.15, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 15 de abril de 2015 (doc. 150044275), D<sup>a</sup> Pepa Calvet Micas, con DNI 40.857.370-D, solicita o reingreso ao servizo activo na praza de Administrativo de Administración Xeral o próximo 10 de xuño de 2015.

Consultado o seu expediente persoal, consta que a interesada foi declarada en situación de excedencia voluntaria por interese particular por resolución da Concellería-Delegada da Área de Xestión Municipal de data 6 de xuño de 2013.

2.- A interesada cumpre o requisito legal de duración da permanencia en dita situación administrativa que establece o Real decreto 365/1995, do 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento de situacións administrativas no seu art. 16.3

3.- Comprobados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, existe vacante de Administrativo/a de Administración Xeral na vixente plantilla municipal.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O art. 89 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en relación co art. 16 do Real Decreto 365/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, que establece que a situación de excedencia voluntaria por interese particular declararásese a petición do funcionario ou, de oficio, nos supostos establecidos regulamentariamente.

II.- Dito artigo, no seu apartado 3, sinala que cada período de excedencia terá unha duración non inferior a dous anos continuados nin superior a un número de anos equivalente ós que o funcionario acredite ter prestado en calquera das Administracións Públicas, cun máximo de quince, por tanto, procede autorizar o reingreso consonte ao establecido no art. 19 do Real decreto 365/1995.

III.- Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime local, modificada pola Lei de 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de 30/07/14, de delegación de competencias, sométese a consideración do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal a seguinte, PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- Autorizar o reingreso ao servizo activo, con efectos económicos e administrativos do vindeiro 10/06/2015 a D<sup>a</sup> Pepa Calvet Micas, con DNI 40.857.370-D, na praza e posto de traballo asociado de Administrativo de Administración Xeral, cod. 105, Servizo Administración de Tributos (cod. Servizo 515)-Negociado Tributos Especiais (cod. 512.02), partida funcional 932.0, da vixente relación de postos de traballo, a petición da interesada formulada en escrito de data 15/04/2015.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo a interesado, Xefatura de Dirección de Ingresos, Sra. Concelleira-delegada da Área Economía e Facenda, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (negociado de Nóminas), Área de Réxime Interior (Xefatura da Área, Planificación e Organización e Inspector Auxiliar de Persoal) e Seguridade Social aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente con-

*sonte ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.*

Con data 28.05.15, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

C) PERMISO SEN SOLDADO DE DONA CARMEN M<sup>a</sup> SANZ ALONSO, CON EFECTOS DE 1 DE XULLO AO 31 DE XULLO DE 2015. EXPTE. 26644/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 22.05.15, que di o seguinte:

*A medio escrito de data 13/05/2015 (doc. nº 150059416) D<sup>a</sup> Carmen M<sup>a</sup> Sanz Alonso, con NIF 36.063.965-B e núm de persoal 22125, auxiliar de administración xeral, adscrita ao Servizo de Seguridade e Mobilidade, solicita permiso non retribuído do 1 ao 31 de xullo de 2015 (ámbolos dous inclusive).*

*En relación con dita solicitude emíttese o seguinte informe:*

*O vixente "Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo" contempla no seu artigo 17.c) a posibilidade de solicitar permiso non retribuído por asuntos persoais ata un máximo de 6 meses cada 5 anos ou de 12 meses cada 10 anos, estando o funcionario solicitante en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social durante o seu disfrute e computando o tempo de duración do mesmo a efectos de antigüidade. Non computará o tempo a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.*

*Por parte deste Servizo de Recursos Humanos non se observan impedimentos ao otorgamento do referido permiso, dado que polo Xefe de Área de Seguridade e Mobilidade informase favorablemente dita solicitude en data 20/05/2015.*

*Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, racionalización e sostibilidade da Administración Local e de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/07/14, sobre a delegación de competencias en materia de persoal, sométese a consideración do Concelleiro-Delegado de Xestión Municipal a seguinte.*

#### **RESOLUCIÓN:**

*"Primeiro.- Autorizar a D<sup>a</sup> Carmen M<sup>a</sup> Sanz Alonso, con NIF 36.063.965-B e núm de persoal 22125, auxiliar de administración xeral, adscrita ao Servizo de Seguridade e Mobilidade un permiso sen soldo do 1 ao 31 de xullo de 2015 (ámbolos dous inclusive), de conformidade co previsto no art.17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.*

*Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.*

*Segundo.- Dese conta da presente resolución á interesada, Sr. Xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Técnico de Organización e Planificación, negociado de Seguridade Social e Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.*

*Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."*

Con data 28.05.15, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **32(739).- PROPOSTA DE INCAUTACIÓN DE GARANTÍA E EXECUCIÓN SUBSIDIARIA EN RELACIÓN COAS DEFICIENCIAS NAS OBRAS DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA URZÁIZ, ENTRE ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ E GREGORIO ESPINO". EXPTE. 2833/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.06.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión da Área de Fomento, do 3.06.15, conformado polo xefe da Area de Fomento, o asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos de dita Área, que di o seguinte:

#### *Antecedentes*

*I.- En data 19 de xaneiro de 2009, a Xunta de Goberno Local aprobou os proxectos e pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para a contratación por procedemento aberto e trámite de urxencia das obras de humanización dos ámbitos da rúa URZAIZ entre Gran Vía e Gregorio Fernández (lote nº 1) e URZAIZ entre Gregorio Fernández e Gregorio Espino (lote nº 2), así como a convocatoria de licitación.*

*II.- Tras a tramitación do correspondente procedemento de licitación, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de marzo de 2009 (correxido por acordo da XGL do 6 de abril de 2009), se adxudicou definitivamente á mercantil "Hidroscivil, S.L." (CIF: B-36.759.652) o lote 2 do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Urzáiz (Gregorio Fernández-Gregorio Espino) (expediente 64-440), por un prezo total de 1.566.792,50 euros IVE incluído e un prazo de garantía da obra de 60 meses.*

*O contrato se formalizou en data 7 de abril de 2009. Consta que, para responder do cumprimento deste contrato, o contratista constituíu na Tesourería do Concello garantía definitiva por importe de 67.534,16 euros mediante aval da entidade Caja de Ahorros del*

*Mediterráneo, segundo mandamento de ingreso nº 200900012650 de data 10 de marzo de 2009.*

*III.- A acta de comprobación do replanteo asinouuse o día 13 de abril de 2009.*

*IV.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 13 de outubro de 2009, acordou aprobar o proxecto modificado, sen importe adicional, do proxecto inicial (expediente 129-440).*

*V.- O 13 de novembro de 2009 tivo lugar a recepción das obras; a partir desta data comeza a computarse o prazo de 60 meses de garantía.*

*VI.- Tras unha inspección in situ, con data 30 de outubro de 2014, se emite informe sobre o estado das obras polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, director facultativo da obra, no que pon de manifesto a aparición dunha serie de deficiencias como consecuencia dunha mala execución (básicamente, losetas soltas e rotas, gretas e fochas no aglomerado asfáltico, afundimentos na calzada fronte aos nº 191, 121A, 127 e 95 e roturas de rigolas de pedra fronte ao nº 114 -adxunta reportaxe fotográfico da visita de inspección do 28/10/2014-). No mesmo, o Director de obra require ao contratista a subsanación das mesmas, concedendo un prazo máximo de quince días para comezar os traballos de arranxo e un prazo máximo de execución de un mes, co apercibimento da execución subsidiaria polo Concello a súa costa en caso de incumprimento do requirimento ou non finalización dos traballos no prazo establecido, previa incautación da garantía definitiva.*

*Ao non ser posible a notificación persoal no seu último domicilio coñecido, resultando "descoñecido", procedeuse a súa práctica a través de anuncio conforme co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992 para ser notificado por comparecencia nos dez días hábiles seguintes á publicación (BOP de Pontevedra nº 228 do 25 de novembro de 2014 e exposición no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo). Non comparecendo en dito prazo se lle da por notificado a tódolos efectos o 10 de decembro de 2014 -día seguinte ao do vencemento do prazo para comparecer-.*

*VII.- Con data 18 de marzo de 2015 se emite novo informe polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras no que fai constar que, xirada visita de inspección o 2 de febreiro de 2015, os traballos de reparación das deficiencias non foron executados. Ao seu informe achega reportaxe fotográfico da data da inspección e unha relación detallada e valorada dos traballos, que ascende a un orzamento de execución material de 15.031,18 euros (orzamento de contrata: 21.643,39 euros).*

*VIII.- En data 15 de abril de 2015 o Concelleiro delegado da Área de Fomento dita, consonte ao informe-proposta da mesma data, Decreto de incoación de procedemento de execución subsidiaria dos traballos necesarios para o arranxo das deficiencias detectadas nas obras de referencia, con incautación parcial da garantía definitiva constituída polo contratista para responder da correcta execución do contrato; outorgando aos interesados (contratista, administrador concursal da sociedade e entidade avalista) trámite de audiencia por prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación a fin de que poidan alegar e presentar cantos documentos e xustificacións estimen pertinentes.*

*O 21 de abril de 2015, o administrador concursal e a entidade avalista reciben a notificación da resolución adoptada, polo que o prazo de trámite de audiencia finalizou o 4 de maio de 2015.*

*Respecto ao contratista, tras o intento infructuoso de notificación no seu último domicilio coñecido, resultando "descoñecido", procedeuse a súa práctica a través de anuncio conforme co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992 para ser notificado por comparecencia nos dez días hábiles seguintes á publicación (BOP de Pontevedra nº 85 do 7 de maio de 2015 e*

exposición no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo). Non comparecendo en dito prazo, a notificación debe entenderse producida a tódolos efectos o 20 de maio de 2015 -día seguinte ao do vencemento do prazo para comparecer-; finalizando, polo tanto, o seu prazo para presentar alegacións o 1 de xuño de 2015.

IX.- Durante o trámite concedido, non consta no expediente a presentación de alegación, documento ou xustificación algunha polo contratista, nin polo administrador concursal nin pola entidade avalista.

#### Fundamentos Xurídicos

Primeiro.- A lexislación aplicable, a cuxo amparo se efectuou a contratación, é a seguinte:

- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP).
- Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crea o Fondo Estatal de Inversión Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e aproba os créditos extraordinarios para atender ao seu financiamento.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante, RXLCAP).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (en adiante, LRXAP-PAC).
- Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recaudación.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 161/1997, de 7 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos.

Segundo.- O artigo 205.3 LCSP sinala que nos contratos fixarase un prazo de garantía a contar dende a data de recepción ou conformidade, transcorrido o cal sen obxeccións por parte da Administración, agás os supostos nos que se estableza outro prazo nesta Lei ou noutras normas, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Particularmente, para o contrato de obras, o art. 213.3 LCSP expresa que durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía, o contratista é responsable dos defectos que na construción poidan advertirse.

O artigo 218.3 LCSP sinala que, dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se éste fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no artigo 219 (responsabilidade por vicios ocultos), e procederase á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, se é o caso, ao pago das obrigas pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días. No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a dictar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha por ampliación do prazo de garantía.

Finalmente, o artigo 219 LCSP expresa “Se a obra se arruina con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá éste dos danos e perdas durante o prazo de quince anos a



contar dende a recepción. Transcorrido este prazo sen que se manifestase ningún dano ou perda, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista”.

Pola súa parte, o artigo 167 RXLCAP 1098/2001 dispón que durante o prazo de garantía coidará o contratista en todo caso da conservación e policía das obras con arranxo ao previsto nos pregos e ás instrucións que dea o director da obra. Si se descoidase a conservación e dese lugar a que peligre a obra se executarán pola Administración e a costa do contratista os traballos necesarios para evitar o dano. No mesmo senso, a cláusula 7.5.2 do prego de prescricións técnicas e a cláusula 33 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato.

Resumindo, e tal como afirma a xurisprudencia, a normativa en materia contractual distingue tres períodos perfectamente diferenciados na responsabilidade dos contratistas: o primeiro se iniciará coa recepción da obra, momento no que se produce a entrega da mesma á Administración e comeza o período de garantía, no que o contratista responde dos defectos de construción, quedando igualmente obrigado a efectuar as labores de conservación e policía, asumindo a Administración os demais riscos, salvo por vicios ocultos; o segundo comeza cando se extingue o prazo de garantía e se refire exclusivamente aos “vicios ocultos por incumprimento do contrato por parte do contratista”, isto é, a aqueles cuxa existencia non se puido delatar nese período anterior, precisamente porque non tiñan unha manifestación externa e, ademais, determinan a ruína do construído; o terceiro e último é o que se inicia a partir dos quince anos desde a recepción, no cal o contratista non ten ningunha responsabilidade.

O caso que nos ocupa tivo lugar no prazo de 60 meses de garantía a contar dende a recepción das obras por esta Administración, por canto a recepción das obras tivo lugar o 13 de novembro de 2009 e as deficiencias foron detectadas polo director facultativo da obra o 28 de outubro de 2014 (data da inspección a efectos do disposto no artigo 218.3 LCSP), emitindo informe técnico/requirimento ao respecto o 30 de outubro de 2014.

As obras foron recepcionadas por este Concello o día 13 de novembro de 2009, data que determinou o prazo de garantía de 60 meses, que rematou o pasado 13 de novembro de 2014. Non obstante, a constatación de defectos imputables ao contratista no prazo de garantía implicou a súa ampliación.

Terceiro.- En canto á incautación da garantía definitiva, o artigo 88 LCSP enumera os conceptos dos que responden as garantías definitivas: entre outros, da correcta execución das prestacións contempladas no contrato e dos danos e perdas ocasionados á Administración con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.

O artigo 85 LCSP permite que persoas ou entidades distintas do contratista presten garantías a favor deste, de forma que estes terceiros non poderán utilizar o beneficio de excusión a que se refiren o artigo 1830 e concordantes do Código Civil. Esta previsión é para os supostos de constitución da garantía mediante aval ou seguro de caución, aclarando o art. 85.2 LCSP que, nestes dous casos, o avalista ou asegurador será considerado parte interesada nos procedementos que afecten á garantía prestada, nos termos previstos na Lei 30/1992.

Hai aquí que engadir ao administrador concursal, dado que a sociedade foi declarada en situación de concurso voluntario con designación do Administrador Concursal por Auto de 24 de xullo de 2012, do Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra con sede en Vigo, e que o artigo 40.1 da Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal establece que “en caso de concurso voluntario, o deudor conservará as facultades de administración e disposición sobre o seu patrimonio, quedando sometido o exercicio de estas á intervención dos administradores concursais, mediante a súa autorización ou conformidade”.

O aval se configura como unha obriga accesoria doutra principal, cuxo cumprimento garantiza. En canto a extensión da garantía definitiva, o Informe 36/99, de 12 de novembro de 1999, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sinala que "... A la más elemental noción del derecho responde la idea de que las garantías en general, los avales en particular, responden exclusivamente del cumplimiento de la obligación garantizada y no del resto de las obligaciones del deudor garantizado, pues si bien este último responde con todos sus bienes presentes y futuros del cumplimiento de sus obligaciones (art. 1911 Cc.) la responsabilidad del garantista o avalista se limita a la obligación que se garantiza, en este caso la correcta ejecución del contrato de limpieza viaria como inequívocamente se desprende de la regulación de la fianza en el Cc. y de la propia Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, cuyo art. 44 al enumerar los conceptos de los que responden las garantías definitivas (penalidades, obligaciones, gastos y daños y perjuicios derivados del incumplimiento del contrato e incautación en casos de resolución) y liga lógicamente tales conceptos al incumplimiento del contratista y, además, frente a la Administración y no frente a terceros". En consecuencia, o aval a executar deberá destinarse na súa totalidade ao cumprimento da obriga principal, debendo proceder á devolución da contía sobrance si é que a houbera, logo da execución subsidiaria.

Requirido, polo tanto, o contratista para a reparación dos defectos advertidos pola dirección facultativa, o contratista está obrigado a súa subsanación e reparación e, si se produce incumplimento, a Administración contratante poderá executar a garantía prestada para asegurar as obras de arranxo.

Consta no expediente informe do técnico director facultativo no que se constata a falta de subsanación dos desperfectos e deficiencias observados nas obras, con valoración do custo dos traballos pendentes que ascende á cantidade de 21.643,39 euros. En base a dita valoración efectuada resulta que o importe dos traballos a realizar é inferior á cantidade da garantía constituída; co cal, ésta será incautada na contía necesaria para subsanar as deficiencias detectadas. Isto é, 21.643,39 euros, IVE incluído, que constituirá o gasto provisional trasladable á contrata. Unha vez executadas as obras de reparación, a Dirección Facultativa ou Responsable da obra debe emitir informe no que se inclúa o custe definitivo da mesma.

Cuarto.- O artigo 63 do RXLCAP 1098/2001 establece que a Caixa Xeral de Depósitos, ou a caixa ou establecemento equivalente da Comunidade Autónoma ou Entidade Local -neste último caso, a Tesourería Municipal-, executará as garantías a instancia do órgano de contratación de acordo cos procedementos establecidos na súa normativa reguladora.

Quinto.- Á vista dos feitos relatados e as consideracións xurídicas expostas se pode concluir que:

a) Dentro do prazo de garantía se detectaron deficiencias nas obras, consecuencia dunha mala execución das mesmas.

b) Se dirixiu requirimento ao contratista para que procedera a debida reparación das deficiencias, co apercibimento de que si os traballos de arranxo das deficiencias non se iniciaban no prazo máximo de quince días ou non se remataban no prazo de un mes, o Concello procedería a execución subsidiaria con incautación da garantía aportada no seu momento e afectada ao bo fin da obra; constando que o contratista non atendeu ao requirimento.

c) Segundo o artigo 95 da LRXAP-PAC, o Concello pode proceder, previo apercibimento, á execución forzosa das obras de arranxo, mediante algún dos medios que o artigo 96 do mesmo corpo legal prevé, e que para o asunto que nos ocupa, respectando o principio de proporcionalidade, se propón que sexa o de execución subsidiaria con cargo a garantía definitiva outorgada mediante aval bancario. A estes efectos, consta no expediente o orzamento económico valorando os custos de execución dos traballos de arranxo.

d) Dado que o contratista non executou os traballos de reparación das deficiencias no prazo concedido, iniciouse o procedemento de execución subsidiaria con incautación da garantía definitiva das obras, outorgando un prazo de audiencia de dez días aos interesados (contratista, administrador concursal e entidade avalista), sen que conste a presentación de alegacións por ningún deles.

e) Para executar subsidiariamente os traballos de arranxo das deficiencias detectadas, o Concello o pode facer polos seus propios medios ou a través das persoas que determine segundo permite o artigo 98 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, en cuxo caso se tramitará o procedemento administrativo contractual que esixa o actual Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público 3/2011, de 14 de novembro.

Sexto.- O órgano competente para resolver o presente procedemento é a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación.

Séptimo.- Previamente a someter o expediente a coñecemento e resolución do órgano de contratación, debe emitir informe a Intervención Xeral, de acordo co previsto no artigo 214 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Por todo o exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.**- Incautar a garantía definitiva constituída por Hidroscivil, S.L. para responder do correcto cumprimento do contrato de obras de “Humanización da rúa Urzáiz (Gregorio Fernández-Gregorio Espino) (lote nº 2)”, a consecuencia do incumprimento de obrigas contractuais consistente na non subsanación das deficiencias derivadas dunha mala execución das obras detectadas durante o prazo de garantía. Dita garantía foi prestada mediante o seguinte aval bancario (contabilizado co nº de operación 200900012650):

- Aval de CAJA DE AHORROS DEL MEDITERRÁNEO con CIF G-03.046.562 avalando a HIDROSCIVIL, S.L. con CIF B-36.759.652, para responder do cumprimento do contrato ante o CONCELLO DE VIGO por importe de 67.534,16 euros; inscrito no Rexistro Especial de Avais da entidade co nº 0203078 en data 06/03/2009.

Con cargo a este aval se incautará a cantidade correspondente aos gastos nos que esta Administración ten que incorrer para executar subsidiariamente os traballos de arranxo necesarios que, segundo a relación detallada e valorada redactada polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras adxunta ao seu informe emitido o 18 de marzo de 2015, ascenden a 21.643,39 euros, sen prexuízo do que poida resultar da liquidación definitiva unha vez se teñan executado efectivamente as obras.

A tal efecto, dar traslado da presente resolución a Tesourería municipal.

Destinar, unha vez que sexa efectiva, a referida cantidade ao arranxo das deficiencias detectadas nas obras.

**SEGUNDO.**- Executar subsidiariamente, con cargo ao importe da garantía definitiva incautada constituída por Hidroscivil, S.L. mediante aval bancario, os traballos necesarios para o arranxo das deficiencias detectadas nas devanditas obras.

A tal efecto da execución subsidiaria, unha vez efectuados os trámites de incautación pola Tesourería municipal e feito efectivo o seu importe, o comunicará ao servizo xestor do presente expediente.

**TERCEIRO.**- Notifíquese a presente resolución a Hidroscivil, S.L., ao administrador concursal e a entidade avalista -agora, Banco de Sabadell-, con indicación dos recursos procedentes.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **33(740).- PROPOSTA DE INCAUTACIÓN DE GARANTÍA E EXECUCIÓN SUBSIDIARIA EN RELACIÓN COAS DEFICIENCIAS NAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA TOLEDO”. EXPTE. 2834/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.06.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión da Área de Fomento, do 3.06.15, conformado polo xefe da Area de Fomento, o asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos de dita Área, que di o seguinte:

#### *Antecedentes*

*I.- En data 21 de xaneiro de 2009, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto e pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para a contratación por procedemento negociado con publicidade e trámite de urxencia das obras de humanización do ámbito da rúa Toledo, así como a convocatoria de licitación.*

*II.- Tras a tramitación do correspondente procedemento de licitación, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de marzo de 2009, se resolveu o procedemento e se adjudicou definitivamente á mercantil “Hidroscivil, S.L.” (CIF: B-36.759.652) o contrato (expediente 75-440), por un prezo total de 585.585 euros IVE incluído e un prazo de garantía da obra de 60 meses.*

*O contrato se formalizou con data 26 de marzo de 2009. Consta que, para responder do cumprimento deste contrato, o contratista constituíu na Tesourería do Concello garantía definitiva por importe de 25.240,73 euros mediante aval da entidade Caja de Ahorros del Mediterraneo, segundo mandamento de ingreso nº 200900014384 de data 18 de marzo de 2009.*

*III.- A acta de comprobación do replanteo asinouse o día 13 de abril de 2009.*

*IV.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 19 de outubro de 2009, acordou aprobar o proxecto modificado, sen importe adicional, do proxecto inicial (expediente 144-440).*

*V.- O 13 de novembro de 2009 tivo lugar a recepción das obras; a partir desta data comeza a computarse o prazo de 60 meses de garantía.*

*VI.- Tras unha inspección in situ, con data 30 de outubro de 2014, se emite informe sobre o estado das obras polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, director facultativo da obra, no que pon de manifesto a aparición dunha serie de deficiencias como consecuencia dunha mala execución (básicamente, pavimento de pedra roto e solto na marxe dereita e na zona de rodadura polo eixe da calzada e loseta rota e solta na esquina coa rúa Jenaro de la Fuente -adxunta reportaxe fotográfico da visita de inspección do 28/10/2014-). No mesmo, o Director de obra require ao contratista a subsanación das mesmas, concedendo un prazo máximo de quince días para comezar os traballos de arranxo e un prazo máximo de execución de un mes, co apercibimento da execución subsidiaria polo Concello a súa costa en caso de incumprimento do requirimento ou non finalización dos traballos no prazo establecido, previa incautación da garantía definitiva.*

*Ao non ser posible a notificación persoal no seu último domicilio coñecido, resultando “descoñecido”, procedeuse a súa práctica a través de anuncio conforme co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992 para ser notificado por comparecencia nos dez días hábiles seguintes á publicación (BOP de*

Pontevedra nº 228 do 25 de novembro de 2014 e exposición no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo). Non comparecendo en dito prazo se lle dá por notificado a tódolos efectos o 10 de decembro de 2014 -día seguinte ao do vencemento do prazo para comparecer-.

VII.- Con data 17 de marzo de 2015 se emite novo informe polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras no que fai constar que, xirada visita de inspección o 2 de febreiro de 2015, os traballos de reparación das deficiencias non foron executados. Ao seu informe achega reportaxe fotográfico da data da inspección e unha relación detallada e valorada dos traballos, que ascende a un orzamento de execución material de 1.702,14 euros (orzamento de contrata: 2.450,92 euros).

VIII.- En data 15 de abril de 2015 o Concelleiro delegado da Área de Fomento dita, consonte ao informe-proposta da mesma data, Decreto de incoación de procedemento de execución subsidiaria dos traballos necesarios para o arranxo das deficiencias detectadas nas obras de referencia, con incautación parcial da garantía definitiva constituída polo contratista para responder da correcta execución do contrato; outorgando aos interesados (contratista, administrador concursal da sociedade e entidade avalista) trámite de audiencia por prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación a fin de que poidan alegar e presentar cantos documentos e xustificacións estimen pertinentes.

O 21 de abril de 2015, o administrador concursal e a entidade avalista reciben a notificación da resolución adoptada, polo que o prazo de trámite de audiencia finalizou o pasado 4 de maio de 2015.

Respecto ao contratista, tras o intento infructuoso de notificación no seu último domicilio coñecido, resultando "descoñecido", procedeuse a súa práctica a través de anuncio conforme co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, para ser notificado por comparecencia nos dez días hábiles seguintes á publicación (BOP de Pontevedra nº 85 do 7 de maio de 2015 e exposición no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo). Non comparecendo en dito prazo, a notificación debe entenderse producida a tódolos efectos o 20 de maio de 2015 -día seguinte ao do vencemento do prazo para comparecer-; finalizando, polo tanto, o seu prazo para efectuar alegacións o 1 de xuño de 2015.

IX.- Durante o trámite concedido, non consta no expediente a presentación de alegación, documento ou xustificación algunha polo contratista, nin polo administrador concursal nin pola entidade avalista.

#### *Fundamentos Xurídicos*

Primeiro.- A lexislación aplicable, a cuxo amparo se efectuou a contratación, é a seguinte:

- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP).
- Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crea o Fondo Estatal de Inversión Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e aproba os créditos extraordinarios para atender ao seu financiamento.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante, RXLCAP).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (en adiante, LRXAP-PAC).
- Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recaudación.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 161/1997, de 7 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos.

*Segundo.- O artigo 205.3 LCSP sinala que nos contratos fixarase un prazo de garantía a contar dende a data de recepción ou conformidade, transcorrido o cal sen obxeccións por parte da Administración, agás os supostos nos que se estableza outro prazo nesta Lei ou noutras normas, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.*

*Particularmente, para o contrato de obras, o art. 213.3 LCSP expresa que durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía, o contratista é responsable dos defectos que na construción poidan advertirse.*

*O artigo 218.3 LCSP sinala que, dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se éste fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no artigo 219 (responsabilidade por vicios ocultos), e procederase á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, se é o caso, ao pago das obrigas pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días. No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a dictar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha por ampliación do prazo de garantía.*

*Finalmente, o artigo 219 LCSP expresa “Se a obra se arruina con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá éste dos danos e perdas durante o prazo de quince anos, a contar dende a recepción. Transcorrido este prazo sen que se manifestase ningún dano ou perda, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista”.*

*Pola súa parte, o artigo 167 RXLCAP 1098/2001 dispón que durante o prazo de garantía coidará o contratista en todo caso da conservación e policía das obras con arranxo ao previsto nos pregos e ás instrucións que dea o director da obra. Si se descoidase a conservación e dese lugar a que peligre a obra se executarán pola Administración e a costa do contratista os traballos necesarios para evitar o dano. No mesmo senso, a cláusula 7.5.2 do prego de prescricións técnicas e a cláusula 33 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato.*

*Resumindo, e tal como afirma a xurisprudencia, a normativa en materia contractual distingue tres períodos perfectamente diferenciados na responsabilidade dos contratistas: o primeiro se iniciará coa recepción da obra, momento no que se produce a entrega da mesma á Administración e comeza o período de garantía, no que o contratista responde dos defectos de construción, quedando igualmente obrigado a efectuar as labores de conservación e policía, asumindo a Administración os demais riscos, salvo por vicios ocultos; o segundo comeza cando se extingue o prazo de garantía e se refire exclusivamente aos “vicios ocultos por incumprimento do contrato por parte do contratista”, isto é, a aqueles cuxa existencia non se puido delatar nese período anterior, precisamente porque non tiñan unha manifestación externa e, ademais, determinan a ruína do construído; o terceiro e último é o que se inicia a partir dos quince anos desde a recepción, no cal o contratista non ten ningunha responsabilidade.*

*O caso que nos ocupa tivo lugar no prazo de 60 meses de garantía a contar dende a recepción das obras por esta Administración, por canto a recepción das obras tivo lugar o 13 de novembro de 2009 e as deficiencias foron detectadas polo director facultativo da obra o 28 de outubro de 2014 (data da inspección a efectos do disposto no artigo 218.3 LCSP), emitindo informe técnico/requirimento ao respecto o 30 de outubro de 2014.*

*As obras foron recepcionadas por este Concello o día 13 de novembro de 2009, data que determinou o prazo de garantía de 60 meses, que rematou o pasado 13 de novembro de 2014. Non obstante, a constatación de defectos imputables ao contratista no prazo de garantía implicou a súa ampliación.*

*Terceiro.-En canto á incautación da garantía definitiva, o artigo 88 LCSP enumera os conceptos dos que responden as garantías definitivas: entre outros, da correcta execución das prestacións contempladas no contrato e dos danos e perdas ocasionados á Administración con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.*

*O artigo 85 LCSP permite que persoas ou entidades distintas do contratista presten garantías a favor deste, de forma que estes terceiros non poderán utilizar o beneficio de excusión a que se refiren o artigo 1830 e concordantes do Código Civil. Esta previsión é para os supostos de constitución da garantía mediante aval ou seguro de caución, aclarando o art. 85.2 LCSP que, nestes dous casos, o avalista ou asegurador será considerado parte interesada nos procedementos que afecten á garantía prestada, nos termos previstos na Lei 30/1992.*

*Hai aquí que engadir ao administrador concursal, dado que a sociedade foi declarada en situación de concurso voluntario con designación do Administrador Concursal por Auto de 24 de xullo de 2012, do Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra con sede en Vigo, e que o artigo 40.1 da Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal establece que “en caso de concurso voluntario, o deudor conservará as facultades de administración e disposición sobre o seu patrimonio, quedando sometido o exercicio de estas á intervención dos administradores concursais, mediante a súa autorización ou conformidade”.*

*O aval se configura como unha obriga accesoria doutra principal, cuxo cumprimento garantiza. En canto a extensión da garantía definitiva, o Informe 36/99, de 12 de novembro de 1999, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sinala que “... A la más elemental noción del derecho responde la idea de que las garantías en general, los avales en particular, responden exclusivamente del cumplimiento de la obligación garantizada y no del resto de las obligaciones del deudor garantizado, pues si bien este último responde con todos sus bienes presentes y futuros del cumplimiento de sus obligaciones (art. 1911 Cc.) la responsabilidad del garantista o avalista se limita a la obligación que se garantiza, en este caso la correcta ejecución del contrato de limpieza viaria como inequívocamente se desprende de la regulación de la fianza en el Cc. y de la propia Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, cuyo art. 44 al enumerar los conceptos de los que responden las garantías definitivas (penalidades, obligaciones, gastos y daños y perjuicios derivados del incumplimiento del contrato e incautación en casos de resolución) y liga lógicamente tales conceptos al incumplimiento del contratista y, además, frente a la Administración y no frente a terceros”. En consecuencia, o aval a executar deberá destinarse na súa totalidade ao cumprimento da obriga principal, debendo proceder á devolución da contía sobrante si é que a houbera, logo da execución subsidiaria.*

*Requirido, polo tanto, o contratista para a reparación dos defectos advertidos pola dirección facultativa, o contratista está obrigado a súa subsanación e reparación e, si se produce incumprimento, a Administración contratante poderá executar a garantía prestada para asegurar as obras de arranxo.*

*Consta no expediente informe do técnico director facultativo no que se constata a falta de subsanación dos desperfectos e deficiencias observados nas obras, con valoración do custo dos traballos pendentes que ascende á cantidade de 2.450,92 euros. En base a dita valoración efectuada resulta que o importe dos traballos a realizar é inferior á cantidade da garantía constituída; co cal, ésta será incautada na contía necesaria para subsanar as deficiencias detectadas. Isto é, 2.450,92 euros, IVE incluído, que constituirá o gasto provisional trasladable á contrata. Unha vez executadas as obras de reparación, a Dirección Facultativa ou Responsable da obra debe emitir informe no que se inclúa o custe definitivo da mesma.*

*Cuarto.- O artigo 63 do RXLCAP 1098/2001 establece que a Caixa Xeral de Depósitos, ou a caixa ou establecemento equivalente da Comunidade Autónoma ou Entidade Local -neste último caso, a Tesourería Municipal-, executará as garantías a instancia do órgano de contratación de acordo cos procedementos establecidos na súa normativa reguladora.*

*Quinto.- Á vista dos feitos relatados e as consideracións xurídicas expostas se pode concluir que:*

*a) Dentro do prazo de garantía se detectaron deficiencias nas obras, consecuencia dunha mala execución das mesmas.*

b) Se dirixiu requirimento ao contratista para que procedera a debida reparación das deficiencias, co apercibimento de que si os traballos de arranxo das deficiencias non se iniciaban no prazo máximo de quince días ou non se remataban no prazo de un mes, o Concello procedería á execución subsidiaria con incautación da garantía aportada no seu momento e afectada ao bo fin da obra; constando que o contratista non atendeu ao requirimento.

c) Segundo o artigo 95 da LRXAP-PAC, o Concello pode proceder, previo apercibimento, á execución forzosa das obras de arranxo, mediante algún dos medios que o artigo 96 do mesmo corpo legal prevé, e que para o asunto que nos ocupa, respectando o principio de proporcionalidade, se propón que sexa o de execución subsidiaria con cargo a garantía definitiva outorgada mediante aval bancario. A estes efectos, consta no expediente o orzamento económico valorando os custos de execución dos traballos de arranxo.

d) Dado que o contratista non executou os traballos de reparación das deficiencias no prazo concedido, iniciouse o procedemento de execución subsidiaria con incautación da garantía definitiva das obras, outorgando un prazo de audiencia de dez días aos interesados (contratista, administrador concursal e entidade avalista), sen que conste a presentación de alegacións por ningún deles.

e) Para executar subsidiariamente os traballos de arranxo das deficiencias detectadas, o Concello o pode facer polos seus propios medios ou a través das persoas que determine segundo permite o artigo 98 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, en cuxo caso se tramitará o procedemento administrativo contractual que esixa o actual Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público 3/2011, de 14 de novembro.

Sexto.- O órgano competente para resolver o presente procedemento é a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación.

Séptimo.- Previamente a someter o expediente a coñecemento e resolución do órgano de contratación, debe emitir informe a Intervención Xeral, de acordo co previsto no artigo 214 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Por todo o exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Incautar a garantía definitiva constituída por Hidroscivil, S.L. para responder do correcto cumprimento do contrato de obras de "Humanización da rúa Toledo", a consecuencia do incumprimento de obrigas contractuais consistente na non subsanación das deficiencias derivadas dunha mala execución das obras detectadas durante o prazo de garantía. Dita garantía foi prestada mediante o seguinte aval bancario (contabilizado co nº de operación 200900014384):

- Aval de CAJA DE AHORROS DEL MEDITERRÁNEO con CIF G-03.046.562 avalando a HIDROSCIVIL, S.L. con CIF B-36.759.652, para responder do cumprimento do contrato ante o CONCELLO DE VIGO por importe de 25.240,73 euros, inscrito no Rexistro Especial de Avals da entidade co nº 0203302 en data 11/03/2009.

Con cargo a este aval se incautará a cantidade correspondente aos gastos nos que esta Administración ten que incorrer para executar subsidiariamente os traballos de arranxo necesarios que, segundo a relación detallada e valorada redactada polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras adxunta ao seu informe emitido o 17 de marzo de 2015, ascenden a 2.450,92 euros, sen prexuízo do que poida resultar da liquidación definitiva unha vez se teñan executado efectivamente as obras.

A tal efecto, dar traslado da presente resolución a Tesourería municipal.

Destinar, unha vez que sexa efectiva, a referida cantidade ao arranxo das deficiencias detectadas nas obras.



*SEGUNDO.- Executar subsidiariamente, con cargo ao importe da garantía definitiva incautada constituída por Hidroscivil, S.L. mediante aval bancario, os traballos necesarios para o arranxo das deficiencias detectadas nas devanditas obras.*

*A tal efecto da execución subsidiaria, unha vez efectuados os trámites de incautación pola Tesourería municipal e feito efectivo o seu importe, o comunicará ao servizo xestor do presente expediente.*

*TERCEIRO.- Notifíquese a presente resolución a Hidroscivil, S.L., ao administrador concursal e a entidade avalista -agora, Banco de Sabadell-, con indicación dos recursos procedentes.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **34(741).- RECOÑECEMENTO DA INVERSIÓN DAS OBRAS DA PRÓRROGA DA CONCESIÓN DE AQUALIA CORRESPONDENTES ÁS ACTUACIÓNS EXECUTADAS ATA O 31 DE XANEIRO DE 2015. EXPTE. 3245/440.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Area de Fomento, do 9.06.15, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos de dita Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

*A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urxente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.*

*Na clausula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.*

*Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto d, indica que unha vez rematada a obra, someterase a aprobación da Xunta de Goberno Local a recepción da mesma, o que implicará o recoñecemento do investimento, a adscrición ao servizo público e a autorización para iniciar o procedemento de recuperación a través da tarifa do Servizo. Sinalase como imprescindible achegar á proposta de recoñecemento de investimento a seguinte documentación:*

- Certificado final de obra.*
- Acta de recepción.*
- Certificación acreditativa de terse efectuado a totalidade dos pagamentos inherentes ás obras.*

*Con data 08 de agosto de 2013, a Xunta de Goberno Local, acordou recoñecer as inversións efectuadas pola entidade concesionaria ata o 31 de marzo de 2013, con número de expediente 1968-440, por un importe de 8.233.614,25 €.*

Con data 06 de marzo de 2015, a Xunta de Goberno Local, acordou recoñecer as inversións efectuadas pola entidade concesionaria ata o 30 de xuño de 2014, con número de expediente 3060-440, por un importe de 1.346.730,57 €.

En data 25 de febreiro de 2015, a empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de Auga "Aqualia" presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de recoñecemento de inversión correspondente ao plan de investimentos da prórroga da concesión de Aqualia, con cargo á retribución do concesionario a cantidade de 3.641.977,82 €, correspondente ás inversións executadas ata o 31 de xaneiro de 2015.

**INFORME:**

As actuacións incluídas na solicitude de recoñecemento de inversión desde o 01 de xullo de 2014 ata o 31 de xaneiro de 2015 son as seguintes:

	ACTUACIÓN	INVERSIÓN (IVE excluído)	Nº expediente
a	Obras de renovación das redes de saneamento e abastecemento da rúa Boán e os seus costes asociados	387.031,00 €	2347/443, 2108/440
b	Obras de renovación da conducción de abastecemento na rúa Jenaro de la Fuente, entre rúa Toedo e rúa Aragón e os seus costes asociados	44.208,55 €	2543/440, 2369/440, 2372/440
c	Obras de reposición das redes de abastecemento e saneamento da Avda Camelias Fase 1 e os seus costes asociados	925.990,41 €	1752/440, 2229/443, 2329/440
d	Obras de renovación de redes de saneamento e abastecemento na rúa Tomás Alonso e os seus costes asociados	1.365.090,54 €	2339/443, 2152/440
e	Obras de renovación de redes de saneamento e abastecemento na rúa Moaña e os seus costes asociados	724.031,18 €	2342/443, 1848/440, 2393/440
f	Obras de renovación de redes de saneamento e abastecemento na rúa Arenal entre o nº 106 e Miragaia e os seus costes asociados	61.036,18 €	2345/443,
g	Redacción de proxecto e AT da renovación de redes de abastecemento de fibrocemento entre a subestación eléctrica do Troncal na Travesía de Vigo e o centro de reflexión eléctrico na rúa Hernán Cortés	34.166,10 €	2584/443
h	1ª fase da redacción do proxecto de renovación de redes de saneamento e abastecemento nas parroquias de Cabral, Lavadores, Sárdoma e Valladares	5.355,55 €	1980/440
i	1ª fase da redacción do proxecto de renovación de redes de saneamento e abastecemento na rúa Álvaro Cunqueiro	16.129,81 €	1860/440

j	1ª fase redacción do proxecto de renovacion de redes de saneamento e abastecemento na rúa Serafín Avendaño	3.888,17 €	1859/440
k	Obras de renovación de redes de abastecemento e saneamento na parroquia de Teis fase 2	75.050,32 €	2542/443
TOTAL PENDENTE DE RECOÑECER		3.641.977,82 €	

Consta na documentación presentada para as actuacións a) b) c) d) e) f) k) indicadas anteriormente, a seguinte documentación:

- Táboa resumo dos datos básicos da actuación e datas relevantes.
- Documento fin de obra que recolle breve memoria da actuación, planos descriptivos, e fotografías.
- Certificación da Xunta de Goberno Local aprobando costes asociados e proxecto.
- Certificación da Xunta de Goberno Local autorizando a execución con cargo ao Plan de Inversións da Concesionaria.
- Acta de comprobación de replanteo.
- Acta de recepción.
- Certificación das obras.
- Facturas.
- Xustificación de pago.

Consta na documentación presentada para a actuación g) indicada anteriormente, a seguinte documentación:

- Certificación da Xunta de Goberno Local aprobando a encomendación da redacción do proxecto a Aqualia.
- Certificación da Xunta de Goberno Local aprobando costes asociados e proxecto.
- Informe do estado de execución da actuación.
- Factura.
- Xustificación de pago.

Consta na documentación presentada para a actuación h) i) j) indicada anteriormente, a seguinte documentación:

- Certificación da Xunta de Goberno Local aprobando a encomendación da redacción do proxecto a Aqualia.
- Informe do estado de tramitación do proxecto.
- Factura.
- Xustificación de pago.

O Enxeñeiro Industrial municipal D. Jerónimo Centron Castaños informa en data 30 de abril de 2015 que a documentación presentada se corresponde cos traballos levados a cabo para cada unha das actuacións citadas na táboa anterior e se considera completa a efectos da tramitación do correspondente recoñecemento desas actuacións como inversións do plan de investimentos da prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE.

Polo que, á vista do anteriormente exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PROPOSTA:**

1.- Recoñecer como "Inversións da prórroga da concesión de Aqualia, (período 1 de xullo de 2014 ata o 31 de xaneiro de 2015), con cargo ao concesionario e sin coste algún para o Concello de Vigo a cantidade de 3.641.977,82 €, correspondente ás inversións executadas ata o 31 de xaneiro de 2015, co seguinte desglose:

	ACTUACIÓN	INVERSIÓN (IVE excluído)
a	Obras de renovación das redes de saneamento e abastecemento da rúa Boán e os seus costes asociados	387.031,00 €
b	Obras de renovación da conducción de abastecemento na rúa Jenaro de la Fuente, entre rúa Toedo e rúa Aragón e os seus costes asociados	44.208,55 €
c	Obras de reposición das redes de abastecemento e saneamento da Avda Camélias Fase 1 e os seus costes asociados	925.990,41 €
d	Obras de renovación de redes de saneamento e abastecemento na rúa Tomás Alonso e os seus costes asociados	1.365.090,54 €
e	Obras de renovación de redes de saneamento e abastecemento na rúa Moaña e os seus costes asociados	724.031,18 €
f	Obras de renovación de redes de saneamento e abastecemento na rúa Arenal entre o nº 106 e Miragaia e os seus costes asociados	61.036,18 €
g	Redacción de proxecto e AT da renovación de redes de abastecemento de fibrocemento entre a subestación eléctrica do Troncal na Travesía de Vigo e o centro de reflexión eléctrico na rúa Hernán Cortés	34.166,10 €
h	1ª fase da redacción do proxecto de renovación de redes de saneamento e abastecemento nas parroquias de Cabral, Lavadores, Sárdoma e Valladares	5.355,55 €
i	1ª fase da redacción do proxecto de renovación de redes de saneamento e abastecemento na rúa Álvaro Cunqueiro	16.129,81 €
j	1ª fase redacción do proxecto de renovación de redes de saneamento e abastecemento na rúa Serafín Avendaño	3.888,17 €
k	Obras de renovación de redes de abastecemento e saneamento na parroquia de Teis fase 2	75.050,32 €
TOTAL PENDENTE DE RECOÑECER		3.641.977,82 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **35(742).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.